

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

23 de febreiro de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e oito minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Juan Francisco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D^a. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sr. Presidente.- Bo día a todos e a todas e vamos a dar comezo a este Pleno previsto para hoxe 23 de febreiro ás 12 da mañá, e vou, con ocasión do 23 de febreiro, o día de Rosalía de Castro, vou a facer unha pequena lectura: “Arriba todas, rapaciñas do lugar, que o sol i a aurora xa vos vén a despertar”, bueno, desculpade porque o meu talento para recitar os versos está moi lonxe de Rosalía de Castro, uns versos que definen a unha das máis grandes senón a máis grande



figura das nosas letras; unha referente non só na produción literaria e no uso do galego, tamén na defensa e amor pola nosa terra e na loita pola igualdade plena entre homes e mulleres. Esa é Rosalía de Castro, unha muller que naceu tal día coma hoxe hai 187 anos, é unha muller á que todos os galegos e galegas honramos neste 23 de febreiro. Dous séculos despois do seu nacemento a súa voz e a súa mensaxe seguen sendo unha fonte de inspiración para o noso pobo. Recordar a sensibilidade e firmeza coas que Rosalía esixía xustiza, xustiza para as mulleres e xustiza para Galiza, Galicia, danos folgos para seguir avanzando no camiño da Igualdade; un camiño polo que temos avanzado moito dende os tempos da nosa Rosalía, pero un camiño no que hai moito que percorrer para chegarmos á meta. Un destino que xa debuxou a nosa poeta de Padrón, o dunha sociedade xusta e igualitaria, o dunha comunidade que coide dos máis desfavorecidos, o dun pobo que fomente a diversidade e a de un país que protexa o seu territorio. Conmemorar o día de Rosalía de Castro non só é honrar o seu legado, é renovar o seu compromiso para preservar e promover a nosa terra, a nosa cultura e a nosa lingua; un compromiso que compartimos na Deputación de Pontevedra, que é o motor que nos fai avanzar por unha ponte cara unha provincia máis igualitaria, respectuosa co medio natural, orgullosa da súa cultura e tradicións, e preparada para competir nun mundo globalizado. Damos, agora si, comezo do Pleno.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8132.- **ACTA ANTERIOR**

Sr. Presidente.- Primeiro punto da orde do día. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión extraordinaria de 30 de xaneiro. ¿Non sei se hai algo que comentar? Senón procedemos á votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria de 30 de xaneiro (en substitución da ordinaria de xaneiro).

2.8133.- **TOMA DE POSESIÓN DE D. JUAN FRANCISCO FERREIRA GONZÁLEZ COMO DEPUTADO PROVINCIAL (EXPTE.- 2024009309)**



Sr. Presidente.- Ben. Segundo punto da orde do día. Toma de posesión de D. Juan Francisco Ferreira González como deputado provincial. Cédolle a palabra ao Sr. Secretario.

Sr. Secretario.- Recibiuse da Xunta Electoral Central a credencial de Deputado Provincial a favor de Don Juan Francisco Ferreira González e toda vez que presentou nesta Secretaría Xeral a declaración de bens patrimoniais, declaración de causas de posible incompatibilidade así como a liquidación do imposto sobre a renda, non hai, pois, obstáculo legal para a súa toma de posesión.

Sr. Ferreira González.- Bos días a todos e a todas. Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial con lealdade ó Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

(Escóitanse aplausos).

Sr. Presidente.- Moitas grazas Francisco. Os meus parabéns e os de todo o grupo provincial do Partido Popular, che desexamos pois os maiores dos éxitos na túa nova responsabilidade adquirida neste intre como deputado provincial.

3.8134.- **RENUNCIA Ó CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL PRESENTADA POR D^a. MARTA MARÍA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ (EXPTE.- 2024010986)**

Sr. Presidente.- Pasamos ó terceiro punto da orde do día que é a Renuncia ó cargo de deputada provincial presentada por Dona Marta María Fernández-Tapias Núñez. Ben, toma coñecemento e, bueno, eu aquí tamén públicamente pois, xa o manifestei en diversas ocasións, pero si aquí ante o Pleno quero agradecer o enorme traballo que fixo a deputada compañeira, Marta Fernández-Tapias, e tamén pois por suposto desexarlle moitísima sorte no futuro.

Dada conta do escrito presentado nesta Deputación con data 19 de febreiro de 2024 (núm. de rexistro WEB2024010097) por Marta María Fernández-Tapias Núñez, Deputada Provincial polo Partido Popular (PP) elixida en representación do Partido Xudicial de Vigo nas eleccións celebradas no ano 2023 renunciando ó cargo de Deputada Provincial.



Resultando que segundo certificación da Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Vigo (rex. entrada WEB2023039782 de 23/06/2023) proclamouse Deputadas/os Provinciais suplentes polo Partido Xudicial de Vigo en representación do Partido Popular a Luisa María Sánchez Méndez, Paula Bouzós Barros e María José Pino Fernández.

Considerando o disposto nos artigos 9,4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 73.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 208 da Lei Orgánica 5/1985, de 9 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, así como a Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

O Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Deputada Provincial presentada por Marta María Fernández-Tapias Núñez, remitindo certificación acreditativa do presente acordo á Xunta Electoral Central, con indicación de que a xuízo da Corporación Provincial e á vista da acta da Xunta Electoral de Zona de Vigo corresponde cubrir a citada vacante a Luisa María Sánchez Méndez.

a) Parte resolutiva:

4.8135.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2024 (EXPTES.- 2024008561-2024001893)**

Sr. Presidente.- E pasamos á parte resolutiva deste Pleno que é o punto número 4 da orde do día, que é a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2024. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi bos días Presidente, compañeiros, a todos os asistentes a este Pleno da Corporación Provincial. Antes de comezar a tratar o punto queremos felicitar a todos os galegos, dende o goberno da Deputación, pola inmillorable imaxe de convivencia democrática que se viviu na pasada xornada electoral, este domingo, co gallo das eleccións ao Parlamento Galego. E felicitar asemade a Alfonso Rueda como Presidente da Xunta de Galicia elixido por todos os galegos. Ben, entrando en materia, este expediente inclúe créditos extraordinarios por importes de 381.000 euros e suplementos de créditos por importe de 41.000 euros. A tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento



corrente. O crédito extraordinario finánciase na súa totalidade con baixas por anulación por importe de 381.000 euros respecto dos proxectos dos concellos afectados con cargo ó programa Reacpon. Os suplementos de créditos finánciase na súa totalidade con baixas por anulación por importe de 41.000 euros do proxecto nominativo concedido ao Concello de Moaña para instalación deportiva dun Skatepark. Intervención emitindo informe de data 12 de febreiro de 2024 indica que no expediente se cumpren os requisitos previstos da normativa de aplicación, polo que o Pleno acorda aprobar o expediente de modificación de crédito número 1/2024 da Deputación de Pontevedra por un importe total de 422.000 euros que se destinarán ás seguintes aplicacións: Marín, renovación de pavimentado no entorno do CEIP do Carballal 38.686 euros; Concello de Meis, reforma e mellora de redes de servizos do lugar do Naval 58.290 euros; Concello de Bueu, reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester cunha achega de 54.440 euros; ao Concello de Caldas de Reis para a mellora da área do Río Bermaña cunha achega de 29.144 euros; a Meaño para a mellora do acondicionamento e da eficiencia enerxética do pavillón de deportes, cunha achega de 21.767 euros; e ó Concello de Nigrán para a humanización da Rúa Otero Pedraio cunha aportación de 142.147 euros; e finalmente para o Concello de Tomiño para o proxecto do espazo Isaura Gómez cunha achega de 36.523 euros. Os proxectos e revestimentos dos concellos de Marín e de Meis finánciase con sobrantes da financiación de proxectos do programa ReacPon mentres que respecto dos reinvestimentos do programa ReacPon dos Concellos de Bueu, Caldas de Reis, Meaño, Nigrán e Tomiño, por mor da imposibilidade de rematar as actuacións nos prazos previstos ata o 31 de decembro de 2023, solicitaron a prórroga dos prazos de execución, de acordo cos criterios especificados no informe de Intervención do 29 de novembro financiándose con baixas dos créditos dotados no exercicio 2021 e incorporados ó 2024 no programa ReacPon para que cada un dos citados concellos poidan cubrir as súas actuacións. Os importes correspondentes ao suplemento finánciase na súa totalidade con baixas por anulacións do proxecto nominativo concedido ao Concello de Moaña para a instalación dun Skatepark debido a que no proceso de licitación o concurso quedou deserto. O Concello redactou un novo proxecto coa mesma finalidade solicitando á Deputación que lle permita sumar dita subvención co importe que lles corresponde polo reparto dentro da convocatoria do plan extraordinario de infraestruturas deportivas. Máis nada Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Voceiro. Ten a palabra D. César Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sr. Presidente. Bo día a todos e a todas. Ben, na modificación de crédito vamos a votar a favor e permítasenos recordar que si se pode facer e non se anulan esas subvencións xa concedidas ós concellos é porque a situación económica desta casa é boa en contra do que insinuaron no seu momento. Eu creo que deberían ir desfacéndose, ¡eh!, deberían ir desfacéndose desa identificación entre a estrutura provincial do PP e de Deputación, hoxe mesmo o Sr. Presidente contesta cuestións internas do partido na rolda de prensa institucional como Presidente da Deputación, e agora mesmo pois temos que escoitar ó portavoz do PP, pois, facendo referencia ás eleccións e máis o seu Presidente e demais, creo que está demais simplemente, creo que é unha cuestión de estilo e no seu momento, si fora certo o que dixeron ustedes da situación económica, esta modificación de crédito non se podería facer, obviamente pois Intervención diríalle que andamos mal de cartos, polo tanto o que é pasado, pasado, ¿non? Claro, hoxe traen a liquidación e supoño que terán que dicir que vai a haber remanentes, máis que o ano pasado, van a ter cartos para este ano a maiores, bastantes máis, todo consecuencia do, digamos, da xestión do ano pasado que en gran parte correspondeu a outros grupos e que vostedes criticaron economicamente cando era radicalmente falso, era radicalmente falso. Eu creo que ese tipo de separación pois era ben, era ben que tuveran coidado, eu creo que lle iría moito mellor a todos e non nos meteríamos en liadas verdadeiramente estúpidas. Con respecto ó fondo, xa dixen, vamos a votar a favor porque é un axuste que beneficia aos concellos, xa hai acordos, digamos, en ese sentido neste pleno de intentar que os concellos que teñen concedida unha subvención, salvo que renuncien expresamente ou que haxa algún problema, pois, manterlla ou compensarlle si houbo outras subvencións que é todo o que trae esta modificación. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Mosquera. Procedemos entón á votación do punto número 4 da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2024 ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2024. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/24), por importe de 381.000,05 euros, suplementos de créditos (SUP.01/24), por importe de 41.036,36 euros.



Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 01/24), finánciase na súa totalidade con “Baixas por anulación” por importe de 381.000,05 euros; respecto dos proxectos dos Concellos afectados con cargo ao programa REACPON, na aplicación orzamentaria 24/942-9420-762,75_2021.
- Os suplementos de créditos (SUP. 01/24), finánciase na súa totalidade con “Baixas por anulación” por importe de 41.036,36 euros, do proxecto nominativo concedido ao Concello de Moaña RINF_22_00643, para unificar o crédito na aplicación orzamentaria 24/942-3420-762,95/23_2023, dentro do proxecto “PEID_24_00643 Moaña, "Novo proxecto de instalación deportiva para Skatepark”.

Resultando que a Intervención emite informe de data 12 de febreiro de 2024, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2024.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 01/2024 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios



(EXT.01/24) por importe de 381.000,05 euros e suplementos de créditos (SUP.01/24) por importe de 41.036,36 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 01/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762.27	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (RINCO_24-00795_MARÍN_ "Renovación de pavimento no entorno do CEIP do Carballal_ Marín")	38.686,25 €
942-9420-762.29	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (RINCO_24-00979_MEIS_ Investimentos Concello de Meis: "Reforma e mellora de redes de servizos do lugar de O Noval")	58.290,59 €
942-9420-762.75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_ COOPERACIÓN (REACPON_00930 BUEU "Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu")	54.440,77 €
942-9420-762.75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_ COOPERACIÓN (REACPON_00896 CALDAS "Mellora da área do río Bermaña")	29.144,05 €
942-9420-762.75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_ COOPERACIÓN (REACPON_00978 MEAÑO "Mellora eficiencia enerxética acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño")	21.767,21 €
942-9420-762.75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_ COOPERACIÓN (REACPON_00983 NIGRÁN "Humanización da rúa Otero Pedraio")	142.147,88 €
942-9420-762.75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_ COOPERACIÓN (REACPON_00611 TOMIÑO "Proxecto Espazo Isaura Gómez")	36.523,30 €
	Total Créditos Extraordinarios...	381.000,05 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 01/24:

O expediente de créditos extraordinarios, finánciase na súa totalidade con “Baixas por anulacións” co seguinte detalle:

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE



942-9420-762,75/21	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00795_MARÍN, "Reinvestimento menor achega do POS _22/23 ao proxecto: HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DO MERCADO MUNICIPAL DE SEIXO)	-38.686,25 €
942-9420-762,75/21	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00979_MEIS, "Reinvestimento menor achega do POS _22/23 ao proxecto: REHAB. CENTRO DEPORTIVO, MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE, por subv. MITMA_PIREP: 388,603,93€, "76,54%")	-58.290,59 €
942-9420-762.75/21	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00930 BUEU "Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu")	-54.440,77 €
942-9420-762.75/21	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00896 CALDAS "Mellora da área do río Bermaña")	-29.144,05 €
942-9420-762.75/21	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00978 MEAÑO "Mellora eficiencia enerxética acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño")	-21.767,21 €
942-9420-762.75/21	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00983 NIGRÁN "Humanización da rúa Otero Pedraio")	-142.147,88 €
942-9420-762.75/21	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00611 TOMIÑO "Proxecto Espazo Isaura Gómez")	-36.523,30 €
	TOTAL...	-381.000,05 €

Os proxectos e reinvestimentos dos Concellos de Marín: RINCO_24-00795 e de Meis: RINCO_24-00795, fináncianse con cargo ás baixas por anulación dos investimentos con cargo o programa REACPON na parte correspondente aos sobrantes da financiación prevista con cargo ao POS_22/23. No caso de Marín por unha baixa na execución do proxecto “Humanización da contorna do mercado municipal de Seixo”, e no caso de Meis como consecuencia de haber recibido para o investimento “Rehabilitación centro deportivo, mellora eficiencia enerxética e condicións de salubridade” unha achega non prevista inicialmente do MITMA_PIREP: 388,603,93€, (76,54%).

Respecto dos investimentos do programa REACPON dos Concellos de Bueu, Caldas de Reis, Meaño, Nigrán e Tomiño, por mor de diversas circunstancias imprevisibles, non imputables á debida dilixencia na execución do Programa e debido a imposibilidade de rematar as actuacións nos prazos previstos ata 31/12/2023, solicitaron a prórroga dos prazos de execución e xustificación. De



acordo cos criterios especificados no informe da Intervención de 29/11/2023, financiándose con baixas dos créditos dotados no exercicio 2021 e incorporados a 2024 no programa REACPON, para cada un dos citados concellos.

2. Suplementos de Crédito “SUP. 01/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-3420-762,95/23	A CONCELLOS PLAN E INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS_COOPERACIÓN (PEID_24_00643 Moaña, "Novo proxecto de instalación deportiva para Skatepark"	41.036,36 €
	Total Suplementos de Créditos...	41.036,36 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 01/24:

Os importes correspondentes ao suplemento fináncianse na súa totalidade con “Baixas por anulacións” do proxecto nominativo concedido ao Concello de Moaña RINF_22_00643, "Prox. Básico de execución instalación deportiva para Skatepark”, debido a que no proceso de licitación unha vez finalizado o concurso este quedou deserto, véndose na obriga de redactar un novo proxecto coa mesma finalidade, solicitando á Deputación que lle permita sumar dita subvención co importe que lles corresponde por reparto dentro da convocatoria do plan extraordinario de infraestruturas deportivas.

Contabilizándose as seguintes operacións:

POR PARTE DAS BAIXAS POR ANULACIÓN:		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762,30/22	AO CONCELLO DE MOAÑA, EN CONVENIO_COOPERACIÓN (RINF_22_00643_ Moaña, "Prox. Básico de execución instalación deportiva para Skatepark: 41.036,36€"	-41.036,36 €
	TOTAL...	-41.036,36 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	41.036,36 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	381.000,05 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-422.036,41 €



O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 1º Gastos de persoal	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos	0,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	0,00 €

Ao tratarse dunha modificación cualitativa entre aplicacións do capítulo VII, non supón ningunha variación entre os capítulos do orzamento.

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 01/2024 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/24), por importe de 381.000,05 euros e suplementos de créditos (SUP.01/24) por importe de 41.036,36 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 01/2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

5.8136.- **APROBACIÓN INICIAL DO NOVO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE (EXPTES.- 2024008986-2022035629)**



Sr. Presidente.- Pasamos o quinto punto da orde do día que é aprobación inicial do novo regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe. Se non hai ningunha intervención procedemos xa á votación ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobada por maioría de votos.

A deputada delegada do Centro Príncipe Felipe, en consideración das Normas de Funcionamento (RRI) para escolas infantís, emitidas pola Consellería de Política Social, as cales aplican a todas as escolas da Comunidade Autónoma, dispón o inicio da tramitación do novo Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (CSV: 8COCYJAPGKQXOF6P).

Visto o informe emitido pola xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe co visto e prace da Deputada Delegada, asinado dixitalmente con data de 12 de febreiro de 2024 (CSV: 3JNUGCITE2ZXGVMQ), co seguinte tenor literal:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra é titular da Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002. A escola cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e máis no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Segundo.- En exercicio da potestade regulamentaria, a Deputación Provincial de Pontevedra aprobou o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (BOPPO núm. 120, 25 de xuño de 2021), articulado como un conxunto de normas que regulan o funcionamento da escola e das actividades e servizos que se prestan, garantindo a convivencia do mesmo, na procura do cumprimento dos obxectivos fixados no mesmo.

O regulamento garante o cumprimento da normativa que resulta de aplicación, a transparencia na toma de decisións e a eficiencia na xestión do servizo, e constitúe o marco regulador no que se elaboran para cada curso escolar as bases reguladoras do procedemento de inscrición e réxime de admisión dos usuarios.

Terceiro.- A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, no exercicio da competencia exclusiva en materia de asistencia social, vén regulando e sistematizando os distintos tipos de servizos dirixidos á infancia, entre os que se atopan as escolas infantís.

Cuarto.- No marco descrito no punto tres (3), e ao obxecto de facilitar e homoxeneizar a elaboración das normas de funcionamento por parte das escolas infantís da Comunidade



Autónoma, a Consellería comunicou ao Centro Príncipe Felipe, a posta a disposición das Normas de Funcionamento (RRI) para escolas infantís, visadas polo servizo de Inspección (CSV: 4MGVj36FaNy0).

Quinto.- A aplicación das previsións establecidas nas Normas de Funcionamento (RRI) para escolas infantís ao Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (BOPPO núm. 120, 25 de xuño de 2021), supón a necesidade de levar a cabo unha reestruturación significativa do dito documento, así como a incorporación de nova información, contribuíndo positivamente á configuración do servizo. Neste mesmo sentido, considérase axeitado visto o desenvolvemento do servizo, o introducir determinados aspectos relativos á regulamentación do mesmo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Art. 4.1, 49 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Art. 6.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Art. 55 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Art. 129, 130 e 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Art. 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Art. 312, 285.1 in fine e 284.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial e demais normativa que sexa de aplicación.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Considerando que a Xunta de Galicia aprobou as Normas de Funcionamento (RRI) para escolas infantís, e que as mesmas son de aplicación directa á Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe.

Resultando que, a aplicación das ditas normas ao Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (BOPPO núm. 120, 25 de xuño de 2021), supón a necesidade de efectuar a reformulación íntegra do dito documento, ao tempo que é oportuno o realizar a actualización da regulamentación en canto a adxudicación de prazas, resulta preciso derrogar o vixente regulamento a elaboración dun novo Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe.

Visto o anterior, en aplicación do art. 133.1 da LPAC, realizouse a correspondente consulta pública previa. Como resultado da mesma o 9 de febreiro de 2024 emite informe no que se constata a inexistencia de propostas á consulta.

Considerando a conformidade da deputada delegada do Centro Príncipe Felipe, baseada nos anteriores extremos, para o inicio do expediente de derogación do actual Regulamento e



aprobación do novo Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe.

Achégase ao informe proposta o borrador do Regulamento.

O dito Regulamento ten como finalidade permitir, conforme o proxecto socioeducativo existente na actualidade no Centro Príncipe Felipe, estruturar e organizar a escola para responder á demanda da cidadanía na prestación dese servizo, establecendo tanto a coordinación interna como a externa; todo isto en observación dos preceptos legais vixentes na actualidade, sen entrar en contradición co establecido na lexislación vixente, resultando este un documento técnico para a organización e funcionamento da Escola Infantil, polo que, non contén cuestións de carácter económico.

De cara a avaliar o correspondente impacto por razón de xénero, procederase a solicitar informe ao servizo de Igualdade da Institución.

En base ao anteriormente exposto, a xefatura de xestión administrativa do CPF, coa conformidade da deputada delegada do centro, informa favorablemente a aprobación do novo Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra previa derogación do actual Regulamento da Escola (BOPPO núm. 120, 25 de xuño de 2021).”

Visto que en aplicación do principio de transparencia na elaboración do Regulamento posibilitouse o acceso universal e sinxelo aos documentos propios do seu proceso de elaboración, realizándose durante un prazo de sete días hábiles, dende o 30 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2024, unha consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra para recoller a opinión das e dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola súa elaboración, dando cumprimento ao establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, sen que se rexistrase ningunha aportación, tal e como acredita o informe emitido (CSV: 14A6WKNKQIE86KG22) ao respecto, e que figura no expediente.

Visto o informe de impacto de xénero positivo emitido pola xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra (CSV: TXB8V5TIW0EZIK1T), asinado dixitalmente con data de 12 de febreiro de 2024, e no que se determina:

[...]

“No Capítulo IX referido a promoción da integración e da igualdade entre o alumnado, no artigo 21º recollese o fomento da igualdade entre o alumnado. Neste sentido, debería



especificarse de forma explícita que o proxecto educativo de centro estará baseado no principio de igualdade, referenciando a un modelo coeducativo no que a perspectiva de xénero estea integrada de xeito transversal.

[...]

No Capítulo X referente á Lingua, non se recolle o uso dunha linguaxe non sexista. Indicar que debe terse en conta tal aspecto, en cumprimento polo disposto no Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), no que se recolle que, empregárase unha linguaxe oral, escrita e iconográfica exenta de sexismo en toda a documentación, imaxe ou material que se xere para a prestación do servizo, polo tanto non só deberá revisarse a linguaxe utilizada na redacción do contido do citado Regulamento senón tamén recollerse no articulado do mesmo a obrigatoriedade do seu uso na práctica educativa.”

Resultando que en consecuencia ao exposto pola xefa do Servizo de Igualdade, o Centro Xestor incorpora ao texto do Regulamento as ditas consideracións e observacións.

Visto o informe favorable emitido o 12 de febreiro de 2024 (CSV: H84CZH1EIQ72PJ02) polo Secretario Xeral no que se presta conformidade á tramitación do Regulamento, indicando que a aprobación da proposta de novo regulamento implica a derogación do que está vixente na actualidade tal e como se sinala na Disposición Transitoria do texto normativo.

Vista a dilixencia emitida pola Intervención con data 12 de febreiro de 2024 (CSV: KN01ODTC7WW084KG), onde se informa que o expediente non está suxeito a fiscalización previa ao non ter contido económico.

Considerando o disposto nos artigos 33.2.b) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para a aprobación do novo Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe atribúeselle ó Pleno.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:



Primeiro.- A aprobación inicial do novo Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cuxo texto é o seguinte:

“REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO ESCOLA INFANTIL
0 – 3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE

PREÁMBULO.....	16
INTRODUCCIÓN.....	19
CAPÍTULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN	19
CAPÍTULO II: PROCEDEMENTO DE INGRESO.....	19
CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DE BAIXA	22
CAPÍTULO IV: OBXECTIVOS DA ESCOLA	23
CAPÍTULO V: HORARIO DE APERTURA DA ESCOLA	23
CAPÍTULO VI: HORARIOS DE PERMANENCIA DOS NENOS/AS.....	24
CAPÍTULO VII: REFERENTE ÁS FAMILIAS.....	25
CAPÍTULO VIII: SERVIZOS QUE PODERÁ OFERTAR.....	27
CAPÍTULO IX: PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN E DA IGUALDADE ENTRE O ALUMNADO.....	32
CAPÍTULO X: A LINGUA.....	33
CAPÍTULO XI: PERSOAL.....	34
CAPÍTULO XII: CAPACIDADE DO CENTRO	34
CAPÍTULO XIII: RÉXIME DE COBRAMENTO.....	35
CAPÍTULO XIV: MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE	36
CAPÍTULO XV: LIBRO DE RECLAMACIÓNS	37
CAPÍTULO XVI: SISTEMA DE REVISIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO	37
CAPÍTULO XVII: PROTECCIÓN DE DATOS	37
CAPÍTULO XVIII: NORMATIVA DE APLICACIÓN	37
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA	38
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.....	38
DISPOSICIÓN TRANSITORIA.....	38
DISPOSICIÓN FINAIS.....	39

PREÁMBULO

I

A Constitución Española de 27 de decembro de 1978, recolle no seu art. 137 que o Estado se organiza territorialmente en Municipios, Provincias e Comunidades Autónomas, e que todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

A Provincia, como entidade local, ten recoñecida a súa personalidade xurídica propia no art. 141 da Carta Magna, así como no art. 6.1 da Carta Europea da Autonomía Local, feita en



Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, ratificada por España por Instrumento de 20 de xaneiro de 1988.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, preceptúa no seu art. 4.1 que as Deputacións, na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, ostentan entre outras as potestades regulamentarias dentro da esfera das súas competencias.

II

A Disposición adicional primeira da Lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, establece as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, e sen prexuízo do disposto sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

III

A Deputación de Pontevedra, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E-1340C-2.

A natureza da prestación fai necesario aprobar o réxime xurídico da actividade que se exerce na Escola Infantil, a fin de declarar expresamente que a devandita actividade é asumida pola institución provincial como propia, ademais de determinar o alcance das prestacións a favor dos administrados e regular os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativos relativos a prestación do servizo.

IV

En exercicio da potestade regulamentaria, a Deputación Provincial de Pontevedra elaborou o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (ROF Escola Infantil), aprobado inicialmente polo Pleno da Institución na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de abril de 2021 e aprobado de forma definitiva coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 120 de data 25 de xuño de 2021.

O ROF Escola Infantil foi articulado como un conxunto de normas que regulan o funcionamento da escola e das actividades e servizos que se prestan, garantindo a convivencia do mesmo e procurando cumprir cos obxectivos fixados. Coa súa aprobación constituíuse nun elemento fundamental de referencia que permite a mellora constante das relacións entre a súa dirección, os pais, nais ou tutores/as, as persoas que exercen a labor educativa e a administración titular, así como o establecemento das condicións de acceso e procedemento de



adxudicación de prazas dos seus usuarios e condicións de usos, dereitos e deberes da súa comunidade.

V

En aras de mellorar as relacións administrativas e tendo en conta o disposto sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, dende a dita administración autonómica trasládase a necesidade de unificar, na Comunidade Autónoma galega, a estrutura e contido de todos os regulamentos que son de aplicación as Escolas Infantís, a fin de adaptalos, de forma unánime, a lexislación nesta materia; esta circunstancia leva consigo unha reformulación do actual ROF Escola Infantil da Deputación de Pontevedra, que mantendo parte do seu contido inicial, precisa unha reestruturación e adaptación ao modelo estandarizado na Comunidade Autónoma.

VI

O obxecto deste novo regulamento é, en esencia, o mesmo que o existente, por tanto a norma artículase para regular a organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos de Centro Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra, permitindo a mellora constante das relacións entre a dirección da escola, os pais, nais ou titores/as, os/as educadores/as e a administración titular do centro, así como o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións de uso.

Dentro do sistema de fontes, e como norma regulamentaria local, este Regulamento atópase supeditado á lexislación básica do Estado en materia de réxime local e ás disposicións con rango de Lei da Comunidade Autónoma de Galicia; con carácter supletorio, en todo o non disposto no presente Regulamento e na normativa antedita, rexerá a lexislación non básica do Estado que resulte de aplicación.

VII

O Regulamento estrutúrase en dezoito capítulos relativos ós datos da escola, o funcionamento, a súa estrutura organizativa, a normativa referente a todo o persoal, a referente ás persoas usuarias, e o réxime de cobramento. No último capítulo recóllese a normativa específica á infraestrutura do centro.

O texto complétase con dúas disposicións adicionais, a primeira establece que o regulamento se completa cos documentos necesarios que conforman a prestación do servizo, que son as Bases reguladoras do réxime de admisión de usuarios na Escola Infantil e co Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso ademais do disposto na normativa ditada pola Consellería competente da Administración Autonómica.

A disposición adicional segunda faculta a entidade titular, ou persoa en quen delegue, para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento.



Unha disposición transitoria, articulada para derrogar o actual ROF Escola Infantil e deste xeito dar paso ao regulamento actual.

Finalmente, o regulamento contén cinco disposicións finais que regulan a aprobación do presente texto normativo, a xerarquía da norma e efectividade, as posibles modificacións e a súa entrada en vigor.

INTRODUCCIÓN

A Escola Infantil 0-3 anos de Centro Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra é unha escola infantil dedicada a nenos e nenas de 0-3 anos para cubrir as necesidades educativo-sociais existentes na actualidade, pretendendo axudar á conciliación da vida laboral e familiar de todos aqueles pais e nais que teñen fillos/as en idades temperás (0 a 3 anos) .

O presente regulamento ten por obxecto a regularización do servizo de escola infantil 0-3 anos, primeiro ciclo de educación infantil, como servizo social e educativo, proporcionando ao/á neno/a unha educación escolar acorde coas súas necesidades, valéndose das técnicas pedagóxicas máis idóneas e enmarcando a educación no ámbito cultural do que o/a neno/a forma parte.

CAPITULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º

Estas Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento da Escola Infantil.

Artigo 2º

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas a Escola Infantil de atención a primeira infancia que se configura como equipamento diúrno dirixido a poboación infantil de 0 a 3 anos.

Artigo 3º

Os centros de atención á primeira infancia, escolas infantís 0-3, compren unha función eminentemente educativa, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e nenas.

A Escola Infantil cooperará estreitamente cos proxenitores e coas persoas titoras co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre o centro e as familias.

CAPÍTULO II: PROCEDEMENTO DE INGRESO

Artigo 4º



Poderán solicitar praza na Escola Infantil Provincial, todos os nenos e nenas en idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, cando a unidade familiar estea empadroada na provincia de Pontevedra, ou ben cando os pais/nais ou titores legais acheguen un contrato de traballo en vigor dentro deste termo provincial.

As familias cun/cunha neno/a escolarizado/a que xustifiquen un cambio de domicilio e/ou de lugar de traballo á provincia de Pontevedra.

Que teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na escola e non teña cumpridos os 3 anos de idade o 31 de decembro do ano correspondente á data de ingreso.

No momento do seu ingreso, abríraselles un expediente persoal individual no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

Non obstante o anterior, poderanse eximir do límite de idade dos 3 anos os nenos e as nenas con necesidades específicas de apoio educativo, de acordo coa normativa vixente.

Os nenos e nenas dos/as traballadores/as da Escola Infantil, segundo o previsto no Convenio colectivo que é de aplicación.

Respecto daquelas familias que xa escolarizasen un fillo ou filla no mesmo centro, estar ao día no pagamento das cotas polos servizos recibidos na data de presentación da solicitude, tanto nos supostos de renovación de praza como de novo ingreso.

Artigo 5º

A Deputación de Pontevedra publicará anualmente a convocatoria de admisión de usuarios na Escola Infantil mediante a publicación das Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar. Coa publicación das bases no correspondente Boletín Provincial, abrírase o prazo de presentación de solicitudes.

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación.

Facilitarase ás familias das persoas usuarias, un xustificante no que conste o número de inscrición da solicitude.

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de matrícula as Normas de Funcionamento da Escola Infantil. A escola facilitaralle, polos medios acordados, as citadas Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

A constitución da elaboración de listas de agarda, tanto das solicitudes presentadas dentro do prazo previsto como fóra do prazo establecido para a matrícula estará regulada nas Bases de admisión.



O procedemento de admisión da escola non contempla á esixencia ás familias do concepto de pago de cota a modo reserva de praza.

O procedemento de adxudicación de praza, tramitarase pola Deputación de Pontevedra, en función da puntuación e procedemento de adxudicación de prazas e valoración de solicitudes segundo se desenvolva nas Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar.

Unha vez publicada a lista definitiva de adxudicación de praza, a persoa interesada deberá realizar a matrícula na escola mediante a presentación da documentación que se esixa nas bases.

O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación, así como a formalización da matrícula é imprescindible para confirmar a praza.

A escola entregará no momento do ingreso:

1. Resumo do regulamento de réxime interno do centro onde xa irá especificado o sistema de baixa no caso de falta de pagamento de cotas, de adxudicación de vacantes ó longo do curso escolar, o sistema de altas e baixas e de reserva de praza.
2. Escrito de confidencialidade dos datos conforme á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ou norma que a substitúa.
3. Listaxe do material de hixiene solicitado correspondente a cada aula.
4. Entrega do mandilón.
5. Entrega da axenda física.
6. Autorizacións para cubrir polas familias sobre:
 - Alimentación e hixiene.
 - Persoas autorizadas para a recollida do neno ou nena.
 - Saídas fóra do centro.
 - Fotos ou vídeos de actividades internas.

Respecto do Regulamento de Organización e Funcionamento e o Proxecto Educativo da escola, as familias asinarán un documento onde se deixe constancia do seu coñecemento por estas, así como da súa aceptación.

7. Criterios de subvencionalidade

A Xunta de Galicia vén fomentando a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano.

A gratuidade da atención educativa comprende o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, ós nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que



opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 horas e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

Quedarán excluídas das ditas actuacións subvencionables as actividades extra (fóra do horario de atención educativa é dicir extraescolares) á atención educativa que supoñan un custe adicional e cuantificable para a Escola Infantil. A escola debe xustificar o custo adicional. Exclúese tamén o comedor escolar.

A non asistencia á Escola Infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias.

As familias poden escoller libremente o período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán.

CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DE BAIXA

Artigo 6º

O sistema para dar de baixa na escola seguirá a seguinte regulamentación:

Será causa de baixa na Escola Infantil:

- O cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
- A solicitude das persoas proxenitoras ou representantes legais.
- A falta de pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación desta polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo coa normativa en vigor de prezos públicos para a Escola Infantil.
- A comprobación de falsidade nos documentos ou nos datos achegados.
- A incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- A falta de asistencia inxustificada durante 1 mes, causará baixa automática do servizo aínda que sexan aboadas as cotas mensuais durante o dito período.

As baixas motivadas pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro, serán resoltas polo órgano competente unha vez oída a dirección do centro e realizado o trámite de audiencia da/das persoa/s interesada/s.

O prazo de resolución será de 2 meses desde o inicio do expediente. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución do órgano competente no prazo dun mes desde o inicio do expediente.



CAPÍTULO IV: OBXECTIVOS DA ESCOLA

Artigo 7º

A Escola Infantil terá como obxectivos específicos os que se recollen a continuación:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Favorecer o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo.
- Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas.
- Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegar, na medida das súas posibilidades, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Os obxectivos serán desenvoltos no Proxecto educativo e na correspondente proposta pedagóxica da escola.

CAPÍTULO V: HORARIO DE APERTURA DA ESCOLA

Artigo 8º

A Escola Infantil atópase aberta os doce meses do ano, cinco días á semana, de luns a venres de 07:30 a 22:30 horas.

Non obstante do anterior, o centro determinará o seu calendario e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a tales efectos se realizarán as correspondentes consultas as familias.

As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente.



As familias son avisadas dos peches da escola mediante entrega de circular escrita no momento da solicitude de matrícula do seu fillo/a.

O horario de apertura e peche deberán figurar no taboleiro de anuncios de cada centro e no RUEPSS.

CAPÍTULO VI: HORARIOS DE PERMANENCIA DOS/AS NENOS/AS

Artigo 9º

O horario máximo de permanencia dos nenos/as no centro será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais xustificadas nas que poderá ampliar o dito horario.

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia real solicitado polos pais/nais, tutores/as e representantes legais.

Artigo 10º

Entradas e saídas

a) O horario de entrada-saída dos nenos/as nos centros débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias procurarán respectalos. En caso de atrasos inxustificados e reiterados, a dirección do centro está obrigada a adoptar as medidas oportunas poñéndoo en coñecemento das familias.

b) As familias e/ou representantes legais recollerán aos nenos e nenas ao remate da xornada. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do centro para entrega-lo nena/o a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada.

c) No caso de que a escola realice algunha saída educativa do centro, será avisada por escrito e con antelación a todos os pais e nais, tutores/as e representantes legais que deberán dar o seu consentimento, no caso de que non consintan a saída o neno/a quedará na escola co resto do persoal. Se as saídas son por grupos e no caso de que sexa unha saída conxunta, non poderán asistir á escola nesa data, xa que a escola permanecerá pechada.

Artigo 11º

A programación diaria de actividades terá a natural flexibilidade que esixan as características psicopedagóxicas e sociais dos/as nenos/as.

A programación destas actividades, concretaranse nos Proxectos educativos de Centro e a súa correspondente Proposta Pedagóxica.



CAPÍTULO VII: REFERENTE ÁS FAMILIAS

Artigo 12º

1. Dereitos e obrigas dos/das pais/nais titores/as e representantes legais.

Dereitos

- Ser informados/as da situación do seu fillo/a na escola: desenvolvemento, actitude, progresos, etc.
- Solicitar ampliación de dita información en titorías e reunións coa educadora/s e directora.
- Realizar unha visita ás instalacións e entrevistas persoais antes do comezo do curso.
- Coñecer o funcionamento da escola e o modo en que se formula o Proxecto Educativo do centro coa súa correspondente Proposta Pedagóxica antes da formalización da matrícula.
- Ser informados de aqueles sucesos que afecten a marcha ordinaria do funcionamento e das medidas adoptadas.
- Dispoñer das Normas de Funcionamento do centro visadas con carácter previo á realizar a reserva de praza/matriculación.
- Interpoñer queixas e reclamacións.
- Ser informado/a polo centro, de forma inmediata, de calquera accidente ou calquera circunstancia relevante.

Deberes/Obrigas

- Informar en todo momento da situación persoal do neno/a no referente ó seu proceso educativo na casa e no seu entorno: gustos, aversión, cambio na situación familiar, etc.
- Ser puntuais na hora da traída e recollida do/a neno/a.
- Cumprir os horarios de asistencia solicitados.
- Ser puntuais no referente á contribución de material solicitado pola escola, á devolución de notas e enquisas enviadas pola mesma.
- Ser puntuais nos pagos e nas notificacións das baixas e cambios de horario.
- Colaborar na medida do posible nas actividades da escola, que serán o eixo da relación familia-escola.
- Avisar á escola do cambio de persoas encargadas de recoller ó cativo na escola.
- Respetar o Proxecto Educativo do Centro e a súa Proposta Pedagóxica, así como as Normas de Funcionamento visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.
- Non levar ás nenas e nenos á escola cando non estean en condicións idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia...)

Artigo 13º

Participación e relación cos pais e nais, titores/as e representantes legais.

Para garantir a axeitada participación das familias serán de aplicación xeral as seguintes normas sobre a participación activa:

1. Fomento da relación estreita entre familia e a escola xa que a educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido.



2. A coordinación e o coñecemento da vida na escola verase facilitado por:

- Entrevista inicial cos pais e nais, titores/as e/ou representantes legais co/a director/a e o/a educador/a correspondente da cal deixarse constancia no expediente individual.
- Contactos diarios co/a educador/a, etc.
- Participación en actividades: celebracións de festas, saídas da escola, etc.
- Colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións, etc.

A relación cos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada pola dirección do centro, ten como principais obxectivos:

- O intercambio de Información.
- Participación na vida da escola.
- Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

A escola poñerá en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais de cada neno/a unha información sobre a súa evolución integral que terá como mínimo carácter trimestral e que se realizará a través de Informes evolutivos das áreas establecidas de acordo a normativa vixente que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

As visitas dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as realizaranse de conformidade co horario establecido pola dirección para tal fin, logo de ser oído ao equipo técnico educativo, sempre e cando non dificulte a boa marcha do centro.

A Escola Infantil debe planificar o período de adaptación, tendo en conta que o neno ou nena racha co lazo afectivo coa figura de apego. O seu desenvolvemento a todos os niveis vai depender de como asimile este proceso. Por tanto debe ser planificado coas familias xa que van entrar nun lugar descoñecido con novas persoas e pasan de ser o centro de atención a un máis entre outros iguais.

Artigo 14º

Instrumentos de información para as familias

A través da comunicación no, día a día, nos momentos de entrada ou recollida das nenas ou nenos.

Todas as familias serán informadas do período de adaptación. Recomendase que , con carácter xeral, se celebren as seguintes reunións:

- Reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.
- Reunións de grupo para realizar unha en cada semestre.



En todo caso, a dirección do centro informará por escrito ao principio do curso dos horarios de atención e información aos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos/as nenos e nenas.

Artigo 15º

Asociación de Pais e Nais.- ANPAs.

A asociación de pais e nais é o órgano de participación na vida do centro. A súa constitución e funcionamento fomentárase por parte da dirección.

Sen prexuízo do que establezan os seus propios estatutos, a asociación promoverá os seguintes fins:

- a) Defender os dereitos dos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais no relativo á prestación de servizos aos nenos/as.
- b) Colaborar coa dirección e co persoal do centro para favorecer o desenvolvemento integral da poboación atendida en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación dos servizos.

CAPÍTULO VIII: SERVIZOS QUE PODERÁ OFERTAR

Artigo 16º

Servizos básicos

1. Atención educativa

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha Escola Infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á Escola Infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

A Escola Infantil conta cun proxecto educativo de Centro.- PEC propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

A Escola Infantil atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os/as nenos/as.



A Escola Infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

De optarse pola xestión indirecta do centro os obxectivos do Proxecto educativo, que haberá de ser elaborado pola empresa adxudicataria, deberán estar en consonancia co previsto no Proxecto Socioeducativo da Deputación de Pontevedra (publicado na web www.depo.gal). O dito proxecto concretará a programación anual da escola. Os cambios ou modificacións do mesmo deberanse remitir ao Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

No caso de optar por outra modalidade de xestión distinto ao mencionado no parágrafo anterior, o Proxecto Educativo será aprobado pola Deputación (tras informe do seu servizo e polo órgano provincial competente). De igual modo aprobarase calquera modificación do mesmo.

2. Servizo de comedor

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece no seu artigo 26 apartado a). 1. Servizo de comedor: incluírá en todo caso o xantar e, opcionalmente, almorzo e merenda e/ou cea, podendo ser ofertado nalgunha das seguintes modalidades: a) Como servizo de comedor propiamente dito, prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos.

En todo caso deberá existir a disposición das familias unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada ás idades dos/das nenos/as.

No caso de que se opte por unha xestión indirecta na escola, de forma diaria e coordinada, será a Deputación de Pontevedra a que, a través do servizo do comedor do Centro Príncipe Felipe, subministre diariamente a Escola Infantil os correspondentes menús (comida e cea). Unha vez entregados nas instalacións da Escola Infantil, será a empresa adxudicataria, a través do seu persoal, a responsable da súa manipulación e correspondente servizo de atención aos nenos e nenas do comedor.

A escola dispón de espazos de uso exclusivo onde o alumnado poderá tomar as comidas principais e merendas. Dito espazo cumpre a normativa vixente de manipulación de alimentos e control sanitario.

A Deputación de Pontevedra elaborará a dieta alimenticia dos menores, garantindo en todo caso unha alimentación adecuada ás necesidades da idade.

O servizo do comedor inclúe o xantar e a cea; en todo caso os alimentos proporcionados no almorzo e na merenda serán aportados polas familias.



O servizo de comedor estará dispoñible para todos os nenos e nenas da escola que o contrataran. No caso de necesitar este servizo días soltos, se solicitará o día anterior ao día no que se necesita.

A familia deberá presentar informes médicos no caso en que o neno/a padeza algunha alerxia ou enfermidade pola inxesta de algún tipo de alimento.

Poderá solicitarse á Dirección do Centro, sempre por prescrición facultativa, o establecemento dun réxime especial de alimentación para algún dos menores inscritos. A Dirección trasladará a petición á Dirección do Centro Príncipe Felipe a cal estudará a viabilidade da solicitude e en caso de que non se poida conceder acordarase a baixa temporal ou definitiva na Escola Infantil segundo que a causa que motivou a solicitude sexa temporal ou permanente.

Os horarios do servizo de comedor son os que seguen:

- Xantar de 12:00 a 13:00 horas.
- Cea de 20:00 a 21:00 horas.

En todo caso, exceptúase da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor.

3. Servizo de cociña

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia define no seu artigo 26 b) “Como servizo de cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as”.

As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno ou nena e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

Os lactantes, ata que comecen a comer purés ou froitas, poderán traer as papas e/ou leites en po, especificando as súas doses, ou leite materna coa dose correspondente.

4. Servizo de horario ampliado

Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evítase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente. Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, un horario ampliado, aboará o importe mensual establecido.

5. Servizo de transporte escolar



A escola non oferta un servizo de transporte escolar, non obstante, no caso de incluírse, este deberá cumprir todos os requisitos establecidos na normativa específica, en especial os relativos á seguridade e autorización deste servizo.

6. Actividades extra

As actividades extra (fóra do horario de atención educativa), con carácter xeral, serán voluntarias, en todo caso, serán aboadas polos pais/nais, titores/as ou representantes legais.

En todo caso, exceptúase da actuación subvencionable o custo das actividades extra á atención educativa e que supoñan un custo adicional cuantificable para a Escola Infantil.

As cotas correspondentes as actividades extraescolares, se procede, publicarase no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS.

As actividades complementarias que realiza a Escola Infantil estableceranse no Proxecto Educativo da Escola.

Artigo 17º

Servizos complementarios de atención e coidado dentro e fóra da xornada ordinaria do centro.

O centro ten autorizado o servizo complementario diúrno coas seguintes características:

- Persoas usuarias: nenos e nenas de 3 a 8 anos.
- Nº Prazas: 20.
- Horario: de 14:30 a 22:30 horas.
- Ubicación: Nunha das aulas 2-3.

En relación aos requisitos específicos do servizo complementario diúrno establecidos no artigo 34.1.b) do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, infórmase o seguinte:

- A prestación deste servizo queda condicionada ao mantemento da actividade normal do centro e non suporá en ningún caso a superación dos límites de ratios e persoal establecidos.
- Cando se atenda a nenos/as de 3 a 8 anos agruparanse nun espazo diferenciado, de tal modo que estean separados dos/as nenos/as de 0-3 anos.

Artigo 18º

Normas de saúde, hixiene, vestiario e nutrición.

1. Normas de saúde.

1. Os/as nenos/as deberán acudir ao centro en condicións correctas de saúde e hixiene.



2. No caso da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia ao centro deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais á dirección deste.

3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarse á dirección deste, e avisaranse os seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingresso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio.

4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións in situ e á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención médica axeitada.

5. Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

6. Nos casos en que se deban administrar medicinas os nenos e nenas (porque supón un risco para saúde), deberán ir acompañadas da receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

Evitarase, con carácter xeral, a administración de medicamentos no centro. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos nas horas que os nenos/as permanezan na súa casa, sempre que o tratamento o permita.

7. Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e atenderase exclusivamente aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualización das recomendacións para a exclusión de escolas.

2. Normas de hixiene persoal.

Todos os nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas.

3. Normas de vestiario.

1. A roupa e o calzado debe ser cómodo evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Débense descartar os modelos tipo buzo.

2. Por motivos de seguridade os/as nenos/as non poderán traer obxectos como pulseiras, medallas, cadeas. Evitáranse ademais os lazos, horquillas, pinzas, gomas e outros que poidan ser perigosos.



4. Normas de alimentación.

1. A escola pública no taboleiro de anuncios e/ou facilita as familias, unha relación semanal, mensual o por tempadas dos menús previstos, os cales procurarán proporcionar unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade. Informarase de calquera modificación nos mesmos.

2. A escola prestará un especial coidado en atende-los casos nos que o neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.

3. Os menús serán supervisados por técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente e expostos no taboleiro de anuncios cunha antelación semanal.

4. Respetaranse os horarios establecidos para as comidas.

Artigo 19º

Uso das dependencias e do material

A escola pon a disposición das persoas usuarias aqueles espazos autorizados debidamente conforme a información que consta no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

- Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.
- As aulas deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.

CAPÍTULO IX: PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN E DA IGUALDADE ENTRE O ALUMNADO

Artigo 20º

Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

A escola promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais ou outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe.- DEA, sempre e cando contén os recursos materiais e humanos necesarios.

Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

Considérase que as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo ocupan dúas prazas.

Artigo 21º



Fomento da igualdade entre o alumnado.

1. A escola é o principal axente educativo da infancia e a xuventude. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento. O proxecto educativo de centro estará baseado no principio de igualdade, referenciando a un modelo coeducativo no que a perspectiva de xénero estea integrada de xeito transversal.
2. Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.
3. A escola programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas evitando os comportamentos discriminatorios por razón de sexo. As ditas actividades reflectirán nos proxectos educativos e curriculares.
4. Estará presente na aula unha oferta de materiais de diferente tipo e coidarase dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen ambientes significativos.
5. Deberase ter en conta o coidado na selección e emprego dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.
6. O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén das outras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencia en todo momento actitudes de respecto e aprecio.

CAPÍTULO X: A LINGUA

Artigo 22º

Os documentos oficiais da escola entregaránse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexo de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

De acordo co previsto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, ou aquela que a substitúa, as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia.



Na práctica educativa empregárase unha linguaxe oral, escrita e iconográfica exenta de sexismo en toda a documentación, imaxe ou material que se xere para na prestación do servizo na escola.

CAPÍTULO XI: PERSOAL

Artigo 23º

A escola cumprirá en todo momento as rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 24º

Recoméndase a constitución dun equipo técnico configurado como un grupo de traballo a través do cal o persoal de atención directa a nenos/as participa do proxecto integral do centro. Este equipo estará integrado polo/a director/a, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa a nenos/as.

Artigo 25º

1. O persoal de atención directa a nenos/as será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

2.- O persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

Artigo 26º

Outro persoal, cando o centro ofrezca servizo de comedor, nas distintas modalidades, deberá dispoñer do persoal necesario para o desenvolvemento das funcións propias deste servizo segundo a súa categoría profesional e se establezan no correspondente convenio colectivo.

CAPÍTULO XII: CAPACIDADE DO CENTRO

Artigo 27º

A escola conta coa autorización de oito (8) unidades e centro quince (115) prazas distribuídas en:

- unidades 0-1 8+8 = 16 prazas
- unidades 1-2 13+13+13 = 39 prazas
- unidades 2-3 20+20+20 = 60 prazas

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os/as nenos/as poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos/as de ata 2 anos de idade: 1/10.



- Grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.

No caso de nova configuración de prazas en cada curso escolar de xeito permanente durante toda a xornada de atención educativa, se se configura unha agrupación 0-3, pedagoxicamente e co fin de traballar con grupos homoxéneos en idade, atenderase nesta agrupación exclusivamente ao alumnado de maior idade de 1 ano xunto cos de menos idade de 2 anos.

CAPÍTULO XIII: RÉXIME DE COBRAMENTO

Artigo 28º

1. No caso da modalidade de xestión indirecta, a empresa adxudicataria deberá facerse cargo do cobro dos prezos públicos segundo o previsto no Acordo regulador de prezos públicos polos servizos que se prestan na Escola Infantil da Deputación de Pontevedra que estea en vigor en cada curso.

Nesta modalidade, se a empresa adxudicataria obtén as axudas, subvencións ou prestacións similares procedentes doutras Administracións Públicas ou entidades que estean directamente relacionadas coa prestación do servizo de Escola Infantil deberá comunicalo a Deputación de Pontevedra.

2. O prezo incluirá o mandilón, seguro escolar, material didáctico e de xoguetes.

3. A non asistencia á Escola Infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade.

As cotas de servizos de comedor e outros servizos básicos e complementarios así como actividades extra (se procede) publicarase no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias.

Artigo 29º

Prezos.

Os prezos dos servizos prestados estarán desagregados por tipo de gasto e deben ser aboados no prazo establecido.

Artigo 30º

Facturas.

As facturas detallarán, entre outros, o número, data emisión, datos da entidade e destinatario e os servizos prestados desagregados por tipo de gasto, número días ou unidades, etc.

No caso de acollerse ás axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa durante todo o período subvencionable a escola entregará ás familias os xustificantes mensuais de pagamento na que consten o número de horas ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar coa lenda prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia.



Artigo 31º

Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións.

A non asistencia non exime dos pagos mensuais das cotas correspondentes, xa que estes pagos garanten a reserva de praza durante todo o curso.

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a.

As familias poden escoller libremente o período de desfrute de vacacións, preferentemente nos meses de verán, todo isto en observación do disposto no artigo oito.

CAPÍTULO XIV: MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE

Artigo 32º

1. Medidas de seguridade e hixiene.

A escola conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións:

- Técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia no centro.
- Medidas anti-incendios.
- Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como as cantoneiras e os antipilladedos.
- Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable do centro.

2. Persoal.

- Os/as traballadores/as, contan con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios.
- O persoal do centro manterá una actitude activa e vixiante dirixida a prevención de incidentes e ao control e conservación dos espazos, material, ferramentas, e obxectos perigosos e instalacións.
- Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
- Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- O persoal que manipule alimentos está en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.
- Todo o persoal do centro que teña contacto habitual cos/coas nenos e nenas conta cun Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Trata de Persoas.



CAPÍTULO XV: LIBRO DE RECLAMACIONES

Artigo 33º

A Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo dos centros e programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles a calidade educativa e asistencial procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo o establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e 49 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

A Escola Infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación está recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

CAPÍTULO XVI: SISTEMA DE REVISIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 34º

A revisión ou modificación do regulamento seguirá o procedemento establecido pola entidade titular.

Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento.

CAPÍTULO XVII: PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos nos distintos procedementos que se desenvolvan como consecuencia deste regulamento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar os procedementos, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren na súa solicitude, así como levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible nas fichas dos procedementos de referencia en <https://sede.depo.gal>.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

CAPÍTULO XVIII: NORMATIVA DE APLICACIÓN



- Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Lei 17/2011, de 5 de xullo, de Seguridade Alimentaria e Nutrición.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño, polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).
- Real Decreto 95/ 2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís.
- Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso da Deputación de Pontevedra.
- Ordenanzas fiscais da Deputación de Pontevedra.
- Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería competente en materia de servizos sociais.
- E aquela outra que sexa susceptible de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Este regulamento completárase coas Bases reguladoras do réxime de admisión de usuarios na Escola Infantil e co Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso.

En todo caso, estarase ao disposto da normativa ditada pola Consellería competente da Administración Autonómica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A entidade titular, queda facultada para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA



Queda derogado o Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Centro Príncipe publicado no BOPPO nº 120, de data 25 de xuño de 2021, así como aquela outra que contradiga o disposto no presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Aprobación

A aprobación do Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Centro Príncipe correspóndelle ao Pleno da Deputación de Pontevedra.

Segunda. Xerarquía

Entenderase que calquera das normas establecidas no presente Regulamento queda sen efecto no caso de entrar en contradición con normativa vixente de rango superior que ordene as actuacións e intervencións desenvolvidas na institución.

Terceira. Efectividade

Todas as regulamentacións establecidas no presente documento serán efectivas ata o día da súa derogación ou, de ser o caso, ata que se aproben polos órganos competentes as modificacións que se efectúen.

Cuarta. Modificacións do Regulamento

As propostas de modificación do presente Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil realizaranse nos seguintes casos: cando sexa necesaria a adaptación a cambios normativos, cando as características dos servizos variasen de forma significativa e cando, como consecuencia das avaliacións realizadas, se derive a necesidade de corrixir incoherencias ou desviacións mediante a aplicación de melloras.

Aqueles elementos non substanciais contidos no Regulamento, que sexan susceptibles de alteracións, e se refiran a horarios, número de prazas, ou conceptos similares, e que, en todo caso non teñan unha vinculación significativa co contido esencial da norma, poderán ser aprobadas mediante Resolución Presidencial.

Quinta. Entrada en vigor

O presente Regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. De igual xeito, segundo o previsto no artigo 7 (en relación co 5.4) da Lei 9/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, e 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a entrada en vigor completárase coa a publicación do seu texto na sede electrónica ou na Web da Deputación Provincial de Pontevedra, e a súa incorporación ao RUEPSS, tal e como prevén as normas elaboradas pola Inspección de Familia e Menores.

Este será exposto publicamente no taboleiro de anuncios do centro a disposición das persoas usuarias e seralle entregado ás familias.”



Segundo. A exposición pública do mesmo por un prazo de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Deputación. Así mesmo, publicarase o texto do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Príncipe Felipe na páxina Web “www.depo.gal” durante ese prazo ao obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e obter cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

No caso de non presentarse reclamacións, suxestións ou aportacións, ó Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Príncipe Felipe entenderase definitivamente aprobado.

Terceiro. Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, procederáse á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. De igual xeito, segundo o previsto no artigo 7 (en relación co 5.4) da Lei 9/2013, de 9 de decembro, (LTBG), e 129.5 da Lei 39/2015, (PACAP), a entrada en vigor completárase coa publicación do seu texto na sede electrónica ou Web da Deputación Provincial de Pontevedra.

6.8137.- **MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES POLO QUE SE REGULA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E INSPECCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS (EXPTES.-2023072372-2024010447)**

Sr. Presidente.- Punto número 6 da orde do día. Modificación do Convenio de cooperación entre a Deputación e os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do Servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos. Se non hai intervencións, procedemos á votación ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.



Visto o informe do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 8 de febreiro de 2024, que conta co conforme do Deputado Delegado de Medio Ambiente e Mar (CSV: IO0GMSHTJDIBRHUC), co seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O Pleno da Corporación Provincial na sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2022, aprobou o Convenio de cooperación entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do Servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos (acordo n° 6.7877).

Nese mesmo acordo a Deputación aceptou as encomendas de xestión realizadas polas seguintes entidades locais: A Cañiza, A Guarda, As Neves, Barro, Meis, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Tomiño e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo (Bueu, Cangas, Moaña).

Unha vez aceptadas e formalizadas as encomendas mediante a sinatura dos correspondentes convenios, estes publicáronse no Boletín Oficial da Provincia n° 241, de data 20 de decembro de 2022, conforme ao disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015.

Posteriormente, o Pleno da Corporación Provincial, nas sesións ordinarias celebradas o 31 de marzo de 2023 (acordo n° 7.7967) e 30 de xaneiro de 2024 (acordo n° 3.8121) aceptou as encomendas de xestión realizadas polos concellos de Mondariz-Balneario, Gondomar e Baiona.

Segundo. De acordo co estudo de custos que figura no expediente administrativo da súa razón, os gastos anuais asociados á posta en marcha do servizo para os 15 concellos adheridos ascenden a 455.142,18 euros, contemplándose inicialmente, e con carácter xeral, unha ratio dun/ha vixilante de residuos por cada 20.000 habitantes.

As funcións de vixilancia serán levadas a cabo polo persoal funcionario de carreira da Deputación Provincial de Pontevedra que superou o proceso selectivo convocado a tal efecto (reclasificación, concurso-oposición, promoción interna), xunto co persoal técnico da sección de residuos.

Terceiro. Conforme á cláusula quinta do convenio, para salvagardar a eficacia e a



eficiencia na prestación do servizo, a cantidade económica que deben abonar os concellos axustarase ao baremo que resulte de multiplicar tres euros (3 €) polo número de habitantes do concello, cantidade que poderá ser obxecto de actualización no caso de incremento do custo do servizo e/ou de circunstancias excepcionais ou de forza maior que desvirtúen substancialmente o convenio e fagan inviables as súas previsións económico-financeiras.

Así mesmo, dita cláusula quinta establece que sobre as cantidades a abonar por parte do Concello aplicaranse as seguintes bonificacións:

De carácter xeral:

Exercicio 2022: do 100%

Exercicio 2023: do 60%

Exercicios 2024 e posteriores: do 25%

Específicas:

Por sumarse ao servizo de inspección antes do 31 de xullo de 2022:

10% máis de bonificación (70% no 2023 e 35% no 2024 e ss).

Por acadar os obxectivos fixados na normativa en canto a preparación para a reutilización e reciclaxe: 15% máis de bonificación, revisable anualmente.

Polo avance nos obxectivos: igual porcentaxe de bonificación que de avance, revisable anualmente. Todas as bonificacións son acumulativas.

Cuarto. Durante os meses de novembro e decembro do 2023 e xaneiro do 2024 teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra escritos dos Concellos da Cañiza, A Guarda, As Neves, Barro, Meis, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Tomiño, Gondomar, Mondariz Balneario, Baiona e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo (Bueu, Cangas, Moaña), a través dos cales solicitan de maneira motivada a modificación da cláusula quinta do convenio de referencia, de xeito que as bonificacións establecidas no mesmo vaian acordes co inicio da prestación real do servizo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que regula as encomendas de xestión.



Os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativos aos convenios; en concreto o artigo 49.g) que establece a necesidade de acordo unánime dos asinantes á hora de modificar o contido dos Convenios ante a falta de regulación expresa.

O artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que contemplan a posibilidade de que a Deputación subscriba convenios de cooperación cos concellos para a prestación de medios materiais, económicos ou persoais así como para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

O artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece a posibilidade de celebrar convenios entre Administracións Públicas sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado.

A cláusula novena do convenio que establece o seu carácter administrativo e que na resolución das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do mesmo estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime do Sector Público.

TRATAMENTO TÉCNICO

Os concellos asinantes do convenio de referencia solicitan a modificación da súa cláusula quinta, de xeito que as bonificacións contempladas para os diferentes exercicios sexan aplicadas desde a prestación efectiva do servizo de acordo ao seguinte detalle:

Exercicio 2024: 100%.

Exercicio 2025: 60%

Exercicios 2026 e posteriores: 25%

Á vista dos razoamentos expostos polos concellos, considérase viable a modificación proposta xa que o cumprimento dos trámites administrativos necesarios para a posta en marcha deste novidoso servizo retrasou a súa prestación efectiva, circunstancia que terá lugar durante o primeiro trimestre do ano 2024; así mesmo, a normativa aplicable permite realizar a modificación



proposta xa que con ela non se prexudican dereitos de terceiros.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes de feito mencionados e os fundamentos xurídicos expostos, infórmase favorablemente á modificación da cláusula quinta do Convenio de cooperación entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos que quedaría redactada co seguinte teor literal:

“...3ª Sobre as cantidades a abonar por parte do Concello, aplicaranse as seguintes bonificacións:

De carácter xeral:

Exercicio 2024: do 100%

Exercicio 2025: do 60%

Exercicios 2026 e posteriores: do 25%

Específicas:

Por sumarse ao servizo de inspección antes do 31 de xullo de 2022:

10% máis de bonificación (70% no 2025 e 35% no 2026 e ss.)

Por acadar os obxectivos fixados na normativa en canto a preparación para a reutilización e reciclaxe: 15% máis de bonificación, revisable anualmente.

Polo avance nos obxectivos: igual porcentaxe de bonificación que de avance, revisable anualmente.

Todas as bonificacións son acumulativas...”

O resto do contido do convenio mantense invariable en todos os seus termos”

Vista a nota de conformidade emitida polo Secretario Xeral en relación ao citado informe, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.



Visto o informe da Intervención, de data 12 de febreiro de 2024, (CSV:CVKYHJRTA0GXPIQ1) favorable á tramitación do presente expediente.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais (CSV: 2XCQYB1VA6N0T69R) adoptado na sesión celebrada o 16 de febreiro de 2024.

Por todo o exposto, de conformidade co disposto no artigo 47.2.h) da LBRL, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Locais o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro. Modificar a cláusula quinta do Convenio de cooperación entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos, que quedaría redactada co seguinte teor literal:

“Quinta. Réxime económico da encomenda e bonificacións.

.....

3ª Sobre as cantidades a abonar por parte do concello, aplicaranse as seguintes bonificacións:

De carácter xeral:

Exercicio 2024: do 100%

Exercicio 2025: do 60%

Exercicios 2026 e posteriores: do 25%

Específicas:

Por sumarse ao servizo de inspección antes do 31 de xullo de 2022:

10% máis de bonificación (70% no 2025 e 35% no 2026 e ss.).

Por acadar os obxectivos fixados na normativa en canto a preparación para a reutilización e reciclaxe: 15% máis de bonificación, revisable anualmente.

Polo avance nos obxectivos: igual porcentaxe de bonificación que de avance, revisable anualmente.

Todas as bonificacións son acumulativas...”



Segundo. Manter invariable en todos os seus termos o resto do contido do citado convenio.

Terceiro. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e dar traslado do mesmo aos Concellos adheridos ao servizo de inspección.

7.8138.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE TOMIÑO DE TRES TREITOS ANTIGOS DA EP-3101 TEBRA-CRISTELOS E UN TREITO ANTIGO DA EP-3103 CRISTELOS-BURGUEIRA (EXPTE.- 2021004544)**

Sr. Presidente.- Punto número 7 da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Tomiño de tres treitos antigos da EP-3101 Tebra-Cristelos e un treito antigo da EP-3103 Cristelos-Burgueira. Non sei si hai intervencións, non, procedemos a votar. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes.

O Concello de Tomiño e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 26 de xullo de 2021 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP-3102 ao CEP Pedro Caselles dende o pq 0+000 ata o pq 0+400”.

Conforme a súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello dos seguintes treitos de viarios provinciais:

- Treito antigo de 63 metros da Estrada Provincial EP-3101 Tebra – Cristelos, situado á altura do punto quilométrico 0+000 marxe esquerda.
- Treito antigo de 83 metros da Estrada Provincial EP-3101 Tebra – Cristelos, situado á altura do punto quilométrico 3+200 marxe esquerda.
- Treito antigo de 114 metros da Estrada Provincial EP-3101 Tebra – Cristelos, situado á altura do punto quilométrico 3+900 marxe esquerda.
- Treito antigo de 55 metros da Estrada Provincial EP-3103 Cristelos - Burgueira, situado á altura do punto quilométrico 0+800 marxe dereita.



O 13 de novembro de 2023 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño dos anteditos treitos antigos de viais provinciais.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en DOUSCENTOS SETENTA E SETE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS (277.597,00 €) e móntanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“Estes catro treitos antigos xa non forman parte do itinerario principal logo das melloras de trazado feitas nas estradas provinciais EP-3101 Tebra – Cristelos e EP-3103 Cristelos - Burgueira, e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón de elementos funcionais das mesmas, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Polo tanto, estes catro treitos antigos xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do territorio propia do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas,



senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano. As propostas de cambio de titularidade destes catro treitos antigos manteñen, á vez, o servizo público viario existente e as continuidades dos itinerarios dos que forman parte, logo que o itinerario viario discorre pola traza principal, dando así cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Tomiño poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos de carácter e funcionalidade municipal, así como para levar un control máis directo sobre os mesmos para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Tomiño de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Estes informes foron emitidos favorablemente en datas 19 de decembro de 2023 e de 30 de xaneiro de 2024 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Tomiño dos seguintes treitos antigos:

- Treito antigo de 63 metros da Estrada Provincial EP-3101 Tebra – Cristelos, situado á altura do punto quilométrico 0+000 marxe esquerda.
- Treito antigo de 83 metros da Estrada Provincial EP-3101 Tebra – Cristelos, situado á altura do punto quilométrico 3+200 marxe esquerda.
- Treito antigo de 114 metros da Estrada Provincial EP-3101 Tebra – Cristelos, situado á altura do punto quilométrico 3+900 marxe esquerda.
- Treito antigo de 55 metros da Estrada Provincial EP-3103 Cristelos - Burgueira, situado á altura do punto quilométrico 0+800 marxe dereita.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello”.

8.8139.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A QUE ESTUDE ALTERNATIVAS Ó ACTUAL TRAZADO DA A-57 (EXPTE.- 2024009068)**



Sr. Presidente.- Punto número 8 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a que estude alternativas ó actual trazado da AG-57. Ten a palabra o deputado e vicepresidente Rafael Domínguez.

Sr. Domínguez Artime.- Muy buenos días a todos. Disculpen primero por esta voz les aseguro que no es fruto de ninguna fiesta de celebración. Lo primero que quiero decir es agradecer a los vecinos que están aquí y lo segundo agradecer al Partido Socialista la enmienda que ha presentado y que por supuesto vamos a aceptar, ¿de acuerdo? Se reproduce aquí lo que ha sucedido recientemente en el Concello de Pontevedra y que no es otra cosa que, por lo menos a la espera de lo que diga el BNG, mandar un mensaje contundente, un mensaje contundente al Gobierno Central, un mensaje contundente desde los vecinos y desde las instituciones. Ya lo hizo el Concello de Pontevedra con los tres partidos que estamos aquí representados y espero que lo vuelva hacer ahora la Diputación de Pontevedra. ¿Y por qué es este mensaje contundente? ¿Por qué está sucediendo esto? Pues simplemente porque estamos viendo que se está produciendo una injusticia, una injusticia con unos vecinos fruto de, yo nunca quiero echar culpables, pero de una gestión y de una administración central que muchas veces es demasiado lenta y cuando es tan lenta acaba cometiendo injusticias en este caso con varios de los vecinos. Lo primero que hay que decir es que esto se produce por una decisión y una iniciativa del año 99 que ha ido progresando y que ha ido generando deficiencias y que ha generado lo que se llama una falsa circunvalación, en este momento no es una circunvalación, no circunvala, no genera el efecto deseado al que se previó en aquellos momentos y sí que genera otros efectos muy negativos, muy negativos, probablemente desde el punto de visto medioambiental, probablemente seguro para los vecinos y no solo para los vecinos de la zona sino que para todo el ayuntamiento y todos los que somos pontevedreses. Y es por esto que traemos aquí una moción que pide que se estudie, simplemente pedimos eso que se revalúe la situación, que se valore la situación, que se vuelva a estudiar, después de 25 años estoy convencido que nadie va a echar en cara al ministro que se paralice, no es que se paralice, que no es lo que vamos pedir, que se estudie durante unos meses qué alternativas hay para no generar un efecto tan nocivo para tantos y tantos vecinos de nuestra ciudad. Creo que el mensaje que se va a mandar de unanimidad, si se repite por parte del concello, por parte de la Diputación de Pontevedra, es suficientemente contundente para que desde la administración central se vea, se valore y se analice para ver que algo no se está haciendo bien. Y repito no me gusta hablar de lo que



se hizo en los años anteriores porque ha habido gobiernos centrales de diverso índole seguro que todos podían haber hecho las cosas de otra forma, seguro que desde el Ayuntamiento de Pontevedra, el concello o desde la Diputación se pudieron hacer las cosas siempre mejor, pero estamos en el momento que estamos, estamos en un momento de unidad, no es habitual que las mociones salgan por unanimidad, por lo tanto yo agradecer que, al Partido Socialista agradecerle que haya presentado esta enmienda que mejora, si cabe nuestra moción, decirle que la aceptamos y esperemos que este mensaje contundente que hemos presentado aquí, que hemos presentado en el ayuntamiento, se va siguiendo dando pasos a nivel central, pues decir que lo que queremos es que esta injusticia que se está produciendo no se produzca y que dentro de las dificultades que tiene todo, que entendemos las enormes dificultades presupuestarias, ejecutivas, de todo tipo, que se reevalúe esta posibilidad. Muchísimas gracias.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Rafa. Ten a palabra D. César Mosquera o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Ben, grazas Sr. Presidente. Bueno, non creo que sea cuestión de reproducir o debate que tivemos no concello xa se deron todos os argumentos e posicionamentos. Nós vamos, igual que no concello, vamos a votar a favor.

Sr. Presidente.- Grazas. Por parte do Grupo Provincial do Partido Socialista ten a palabra D. Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Gracias, bos días a todos. Bueno, vaia por diante que o Grupo Socialista apoia a xusta reivindicación dos veciños e que vamos a votar a favor, esperamos que se dea unha solución satisfactoria buscando unha alternativa que permita atender a demanda dos veciños. Bueno, Sr. Domínguez, entendemos que non queira falar do pasado pero creo que é oportuno, ¿non?, o Partido Popular foi o que deseñou na época de Ana Pastor esta A-57 e de feito, bueno, licitou a primeira fase entre Vilaboa e A Ermida. Naquel momento Ana Pastor afirmou que era unha, na súa etapa de ministra, que a A-57 era unha obra marabillosa, afirmou que Pontevedra era a única capital que carecía de circunvalación, que era a mellor solución, e de feito presentou un trazado en campaña electoral. Agora en campaña electoral pois presenta esta moción, bueno, nós apoiamos, evidentemente, a reivindicación dos veciños, instamos ao Concello de Pontevedra e ao Goberno Central, a través do Ministerio de Fomento, que



busquen alternativas que permitan resolver esta problemática; entendemos que é unha cuestión técnica e se pode solucionar tecnicamente e, bueno, desde o Grupo Socialista repetimos, instamos a que se busque unha solución. Tamén nos chama a atención porque esta mesma moción no seu momento a presentou a extinta Marea, ¿non?, a desaparecida Marea, e o Partido Popular e o Sr. Domínguez votaron en contra, ¿non?, desta, exactamente desta mesma reivindicación. Entón, bueno, non interesa profundizar moito máis, somos conscientes da problemática que ten a veciñanza e cal debe ser unha posible solución, que é buscar unha alternativa técnica que dea resposta ás problemáticas que plantean os veciños e queremos desde o Grupo Socialista, dende logo, apoiar esta iniciativa para que o Ministerio de Fomento en colaboración co concello busque solucións a unha problemática que vén da época de Ana Pastor, que vén de moi lonxe.

Sr. Presidente.- Grazas Gregorio. Ten a palabra D. Rafael Domínguez.

Sr. Domínguez Artime.- Muchas gracias Sr. Presidente. Bueno, yo no quería hablar del pasado, el pasado la Ministra Ana Pastor efectivamente participó y contribuyó y se reunió con los vecinos, pero como no quiero hablar del pasado voy hablar del presente, el actual Ministro, Oscar Puente del Partido Socialista, dijo que no se iba a paralizar, por lo tanto es su partido el que está diciendo que va a continuar por lo tanto yo le invito aquí a que ustedes desde el Partido Socialista de la Diputación de Pontevedra consigan que el Ministro Oscar Puente se reúna con los vecinos para intentar solucionar el problema porque ha sido su Ministro y su Ministerio el que ha dicho que no se va a paralizar. De todas formas reitero el agradecimiento al Partido Socialista y al Bloque Nacionalista Gallego, o Bloque Nacionalista Galego, disculpen, que salga este mandato desde la Diputación de Pontevedra, que salga esta moción por unanimidad y reiterar el agradecimiento porque creo que es un mandato suficientemente importante para que en Madrid escuchen y entiendan lo que está sucediendo. Muchas gracias.

Sr. Presidente.- Ten a palabra de novo Gregorio Agís do Grupo Socialista.

Sr. Agís Gómez.- En aclaración, é dicir, o Subdelegado do Goberno, Abel Losada, recibiu ós veciños, lle deu traslado ó Ministerio, evidentemente o Ministerio é razoable que non paralice unha obra que está executada, que está en execución, que está licitada por Ana Pastor, insisto, e polo tanto está traballando e xa lle comunico ó Ministro as inxerencias da veciñanza e



esperemos que teña unha solución satisfactoria, solución que non soubo dar o Partido Popular no seu momento. En calquer caso incidimos, o grupo municipal provincial insiste na importancia de buscar unha solución técnica á problemática que padecen os veciños. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas. A emenda, bueno, presentou un, si ten a palabra o voceiro de novo do Grupo Provincial, Rafael Domínguez, en relación cunha emenda.

Sr. Domínguez Artime.- Simplemente para aclarar que se acepta la enmienda.

Sr. Presidente.- Ben, entón procedemos á votación do punto número 8 da orde do día que é Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a que estude alternativas ao actual trazado da A-57. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

(Escóitanse aplausos)

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade, aceptándose a emenda presentada polo Grupo Provincial PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra para instar ao goberno central a que estude alternativas o actual trazado da A-57.

Moción do Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra para instar ao goberno central a que estude alternativas o actual trazado da A-57, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a seguinte proposta que trae a súa causa na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dilación na execución do proxecto da A-57, a circunvalación de Pontevedra, é un problema que ven arrastrándose e que alterou por completo as necesidades.



Durante os últimos 25 anos, só o Partido Popular e a Ministra de Fomento, Ana Pastor, puideron escoitar as inquedanzas dos veciños, mantendo reunións frecuentes para implicarse coa obra e as demandas reais dos afectados.

As diversas propostas de trazado desvirtuaron o verdadeiro propósito do proxecto, xerando unha gran controversia nas parroquias de Pontevedra.

Na cidade, a construción desta circunvalación podería crear divisións artificiais en varios núcleos rurais, causando molestias a moitos veciños que loitan por protexer as súas comunidades. Ademais, o impacto ambiental é unha preocupación constante.

Desde o Partido Popular, expresamos o noso rexeitamento á continuidade das fases da A-57 que afectan a Pontevedra, xa que non resolverían o problema da conxestión do tráfico.

Convidamos aos outros dous partidos da corporación provincial, BNG e PSOE, a reflexionar sobre a necesidade dun proxecto menos ambicioso, que non divida as parroquias rurais de Pontevedra e que cumpra verdadeiramente co obxectivo de mellorar a circulación.

PROPOSTA DE ACORDO

Instar ao Goberno de España á realización dun estudo alternativo para o trazado actual da A-57 do tramo entre A Ermida e Pilarteiros (Bora e Xeve), co obxectivo de buscar unha ruta menos impactante para as comunidades e familias afectadas, tendo en conta tamén a redución do impacto ambiental.

9.8140.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIRLLE Á DEPUTACIÓN QUE RETOME OS PROGRAMAS E ACCIÓNS QUE SE VIÑAN DESENVOLVENDO ATA AGORA NO EIDO DA IGUALDADE (EXPTE.- 2024010003)**

Sr. Presidente.- Continuamos co punto da orde do día número 9 que é unha Moción do Grupo Provincial Socialista para esixirle á Deputación que retome os programas de accións que se viñan desenvolvendo ata agora no eido da



Igualdade. Ten a palabra a Voceira do Grupo Provincial do Partido Socialista Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidente. Moi bo día a todas e a todos. Por desgraza temos que dicir que as políticas de igualdade desapareceron da Deputación de Pontevedra. Fai 8 meses cando vostedes presentaron as prioridades do novo goberno xa anticipamos que virían malos tempos para as mulleres e non nos equivocamos. Nada máis chegar ao goberno tomaron a decisión de esconder a área de Igualdade, que non só tiña entidade propia senón que era unha bandeira das políticas dos últimos 8 anos impulsadas polo anterior goberno da Deputación como sabe toda a provincia. E non só iso senón que a vincularon ás áreas de Benestar Social, Reto Demográfico e Familia, é dicir, lanzando un claro mensaxe ás mulleres da nosa provincia que dicía “volta ó modelo dos coidados e ó rol das mulleres ó fogar tradicional. Pero non se quedaron contentas e contentos con iso senón que, como era de esperar, tamén lle quitaron os cartos. Rebaixaron o orzamento de igualdade en medio millón de euros, medio millón de euros menos para as políticas de igualdade e de loita contra as violencias machistas. E, ¿a que llo quitaron? Primeiro, ás asociacións sen ánimo de lucro que loitan pola participación das mulleres en todos os eidos da nosa sociedade e na loita contra as violencias machistas; lle recortaron 100.000 euros. ¿Saben cantas mulleres morreron o ano pasado neste país por culpa das violencias machistas? ¿O saben? 58 mulleres no ano 2023. E despois foron a pola partida de programación propia para proxectos de promoción da igualdade á que lle quitaron máis de 300.000 euros. E agora entendemos por que dende que vostedes gobernan non foron quen de poñer en marcha nin unha sola iniciativa máis que executar aquilo que o anterior goberno deixou organizado e contratado. Pero, non só iso, senón que á parte de pegarlle o hachazo ó orzamento propuxéronse volver a invisibilizar e ocultar ás mulleres da nosa historia, como levan sufrindo dende fai séculos, para vergonza desta provincia. Nós, o anterior goberno presidido por Carmela Silva, as devolvemos á luz, demos a coñecer as súas historias, o seu traballo, as súas aportacións, a súa intelixencia, o seu talento; e agora vostedes queren volver a encerrala. Sra. Bastos, ¿sabe vostede quen foi a Sra. Sofía Novoa Ortiz? Penso que nin levanta a cabeza, debe ser que non o sabe. Porque tamén me gustaría preguntarlle ¿que mal lle fixo esta muller para que vostede queira retirar o seu nome e o seu rostro duns premios baseados na inclusión da perspectiva de xénero nos traballos universitarios. Sra. Ortiz, ¿sabe quen foi María Vinyals? ¿Poden explicarme que teñen en contra de María Vinyals?, porque tivo que ser o anterior goberno, presidido por unha muller



feminista, a que rescatase do esquecemento a figura desta importante muller tan vinculada á nosa provincia para que agora veñan vostedes a querer enterrala outra vez nos muros do Castelo de Soutomaior. E parece mentira que o faga vostede que é de Redondela, do concello que está pegado a este Castelo. ¿Pódenos dicir que vai pasar coa Escola de Igualdade María Vinyals?, unha escola referente no Estado neste eido; ¿van facer algunha xornada?, ¿van facer algunha actividade?, ou van a seguir utilizando o Castelo de Soutomaior unicamente para os actos do Partido Popular. ¿Eso é o que van a facer vosoutros no eido da igualdade coa Escola de María Vinyals? Me gustaría que me contestara. Porque mire, xa non nos sorprende nada de vós, xa o dixen ó inicio, as políticas de igualdade desapareceron desta Deputación, pero é que agora tamén sabemos que volveu a censura, e que nun programa pioneiro, que puxo en marcha o anterior goberno, como é o de “Aquí faltan páxinas”, vostedes acaban de vetar a catro poñentes deste programa por cuestión meramente e estritamente ideolóxica, como acaban elas mesmas de denunciar. Miren, vostedes cogobernan con Vox, coa ultradereita en varios concellos e comunidades do noso país, onde se censuran obras de teatro, onde se censuran libros, onde se censuran espectáculos, carteis, conferenciantes; pero aquí xa non fai falta que veña a ultradereita porque están vostedes para censurar, para que chegue outra vez a censura á Deputación de Pontevedra. E mire, xa para rematar, vostedes recibiron unha institución referente no eido da igualdade e da loita contra as violencias machistas, referente, non solamente na provincia nin na Comunidade senón en toda España, i en 8 meses teñen demostrado que a súa vontade inequívoca e consciente é querer terminar con este capital. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas Ana Laura. Ten a palabra, non sei se hai algunha intervención do Bloque Nacionalista, ten a palabra Sandra Bastos.

Sra. Bastos Míguez.- Moitas grazas Presidente. Bos días a todos e a todas. O 6 de xullo xurei o meu cargo como deputada pola miña conciencia e honra, as que rexerán o meu cometido e o das miñas compañeiras e compañeiros. Vinte días despois na miña primeira intervención no Castelo de Soutomaior comecei agradecendo o traballo feito e comprometéndome no nome deste goberno e do meu propio na procura dunha igualdade real e efectiva, así como a loitar contra calquera tipo de violencia contra a muller. Este goberno ten un obxectivo moi claro, as políticas de igualdade, as que conforman todas as axendas, é un obxectivo xusto que debería ser común, porque só unidas e unidos seremos quen de acadalo. Desgraciadamente este obxectivo non é compartido, déixano moi



claro vostedes, xa na súa primeira moción neste Pleno, o pasado 15 de setembro, cando usaron, coma sempre, dun xeito ruín e condenable, fraco favor fanlle vostedes a esta loita buscando réditos políticos con mentiras e intereses partidistas. Recordo ademais a intervención airada da Sra. Iglesias, acusando e sinalando ás Sras. Deputadas do Partido Popular, apelando á nosa conciencia, valor e carraxe; o goberno Socialista dá por feito que os nosos compañeiros carecen deses valores, polo mero feito de ser homes, mágoa que non dean entendido nada. Estou orgullosa deste goberno, dos meus compañeiros e compañeiras, estou orgullosa da equipa técnica da área de Igualdade, absolutamente comprometida, profesional, na procura desa igualdade real e efectiva, nunha sociedade máis xusta e mellor por tanto para todas e todos. Ese é e será o noso cometido. Desgraciadamente seguimos comprobando que o seu non. Amósano unha vez máis cunha moción chea de mentiras e descoñecemento, unha falla de respecto a unha área tan fundamental, unha área que non está vinculada a ningún servizo, unha área que é un servizo propio, que ten entidade propia, recollida na RPT, con persoal especializado e cunha programación específica e orzamento propio e que colaboran con outras áreas, porque para nós as políticas de igualdade son transversais. Por iso reconfiguramos os orzamentos, analizando coa equipa técnica do Servizo cales eran os proxectos a reforzar, valorando a continuidade dos programas e proxectos postos en marcha e revisando cales eran efectivos e as eivas dos que temos que desenvolver. Unha vez máis os compañeiros do Grupo Socialista fan gala dunha memoria selectiva, vouna refrescar, porque os feitos falan por si sós. Só no que vai de ano, só no que vai de ano, a Deputación de Pontevedra mobilizou case 800.000 euros en políticas e programas de igualdade. Axudas destinadas a concellos e entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, con 460.000 euros, un 12% máis que o pasado ano. O programa “Máis xuntas” para entidades sen fins de lucro da provincia, xa poñen o desenvolvemento das mulleres a través de obradoiros e accións formativas, 300.000 euros; proximamente volverán os programas, como “Aquí faltan páxinas”, e de feito o apartado de premios non soamente se mantén senón que será incrementado con novas iniciativas, sábeno vostedes. Tamén incrementamos un 25% a partida de apoio a entidades de iniciativa social, a maior suba dende que se creou esta liña. E recuperamos un plan dotado con 1.000.000 de euros que o PSOE tiña anulado, e que é o Plan +Provincia Comunitaria, 1.000.000 de euros, para apoiar a labor tamén do amplo e rico tecido asociativo da nosa provincia, incluídas as asociacións de mulleres. Non poden vostedes negar que este goberno non segue a recomendación da



ONU porque o investimento en igualdade, en apoio das mulleres, está fóra de toda dúbida. Traballamos para apoiar, para promover e facilitar a participación da muller en todos os ámbitos da vida, social, cultural, político e deportivo; traballamos para erradicar calquera tipo de violencia contra a muller, e traballamos por unha educación en igualdade. E como non pode ser doutro xeito na alma da Deputación están os concellos, eles son os nosos protagonistas, e para eles e a veciñanza desenvolveremos diferentes accións, como os puntos violeta, campañas de sensibilización ou accións formativas, ademais de todos os programas antes citados. Ese é e será o noso compromiso sempre, e o único protagonismo posible é e será a loita pola igualdade xusta e real así como a loita contra a violencia de xénero.

Sr. Presidente.- Vaia rematando por favor.

Sra. Bastos Míguez.- Moitas grazas Presidente.

Sr. Presidente.- Grazas Sandra. Ten a palabra, os tres minutos correspondentes, Dona Ana Laura Iglesias, a voceira do Grupo Socialista.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidente. Mire, acaban vostedes de demostrar que carecen totalmente de argumentos para xustificar a falta de políticas de igualdade nesta Deputación. Mire, Sra. Bastos, vostede fala da área de Igualdade, ¿sabe quen creou a área de Igualdade nesta Deputación? O Partido Socialista no anterior goberno. Vostedes gobernaron durante 40 anos esta institución e nunca viron como prioritario crear a área de Igualdade. ¿Fala vostede de reestruturación, redistribución orzamentaria? ¿A iso é como lle chama vostede quitarlle medio millón de euros ás políticas de igualdade? ¿Esa é a forma que ten vostede de loitar contra as políticas de igualdade? Fala vostede do programa “Máis xuntas”, pero se ese programa e o programa conectadas que puxo en funcionamento o anterior goberno, que o único que fixeron foi cambiarlle o nome e baixarlle ó orzamento, en 100.000 euros, para que as entidades sen fin de lucro poidan loitar contra as violencias machistas e poñer en valor o traballo das mulleres. ¿Esa é a forma como fan vostedes Igualdade? Fala vostede do Plan Provincia Comunitaria, ¿pero que ten que ver iso coas políticas de igualdade? Un programa de obras e de compra de mobiliario para falar da loita das mulleres, da loita feminista, da igualdade, ¿pero me está vostede falando en serio con esa intervención?, de verdade. Miren, ¿saben cal é a gran diferenza entre vostedes e nós? É que nós si somos feministas e nós si creemos na



igualdade e vós non, vostedes non creen na igualdade e o acaban de demostrar, a súa aptitude non é unha mostra de pereza inocente, vostedes mostran cos seus feitos que o seu único interese é rematar coa referencia no estado no que se tiña convertido esta provincia e esta institución en materias de igualdade; ademais de ser unha bandeira transversal en todas as áreas do goberno, nos últimos oito anos nesta Deputación iban máis dun centenar de programas, innovadores, inclusivos e ambiciosos, que situaron a nosa provincia na vangarda da igualdade e en posta en valor das mulleres, en accións en todos os eidos, na música, na cultura, no deporte, na mobilidade, no audiovisual; mulleres que traballamos con elas de forma transversal en todos os eidos; podería estar horas falando das iniciativas que puxemos en marcha. ¿Lles sona “Mulleres en acción violencia cero”?, “Mulleres extramuros”, “Descúbreas”, “Mulleres no foco”, “Aquí faltan páxinas”, “Cinema Mulleres”, “Manifesto en Soutomaior”, “A Escola de letras”, “O ciclo cómicas”, “O xardín con nome de muller”, “A Escola María Vinyals”, “A cátedra de feminismo 4.0”, “O Comité de sabios”, “Jaqueando o patriarcado”, “Inspira SIN”, “A cátedra iberoamericana coa Universidade de Santiago”. ¿Quere que siga? O “Ciclo de conferencias científicas Aida Fernández Ríos”, ¿tamén lle vai a quitar o nome, a Aida Fernández Ríos, a este ciclo de conferencias? O programa “Tecnolóxicas” con ASIME, o programa “Mulleres salgadas ou sereas coas mulleres do mar”, “Elas son a forza do nadal”, todo o que, as campañas do xogo igualitario sen estereotipos de xénero, é que son, podería seguir aquí, xa se me acaba hasta o tempo, sexan claros e díganos dunha vez ¿por que queren borrar as políticas de igualdade da Deputación de Pontevedra?; contésteme, ¿por que despoxaron de toda entidade á área de Igualdade?, ¿por que lle recortaron en 500.000 euros o orzamento?, ¿por que en oito meses non desenvolveron ningunha iniciativa propia en materia de igualdade, de verdade, llo pido, por favor, ¿van a contestar a algunha destas preguntas?

Sr. Presidente.- Vaia rematando.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas. Ten a palabra de novo a deputada do Grupo Provincial do Partido Popular Sandra Bastos.

Sra. Bastos Míguez.- Parece mentira que fale de programas como Asime e especificamente o nome cando fai un programa de cento e pico de euros que



só puderon xustificar 20.000, que non se levou a cabo coma outros máis que suman case 300.000 euros estaban o ano pasado por eso non están aquí. Din vostedes que en canto a políticas en prol da igualdade, en contra da violencia de xénero, falan en pasado, o certo é que en pasado, pasado é o seu goberno, volven a amosar unha vez máis que aínda non teñen asumido o resultado das urnas, non do pasado domingo, que volveron a recordarullo, refírome ás anteriores, ás municipais de maio de 2023, polas que deixaron de gobernar esta Deputación de Pontevedra, porque a cidadanía de Pontevedra apostou polo Partido Popular recórdollo porque semella que os deputados e deputadas do Grupo Socialista aínda creen que dirixen a Deputación, e veñen a esta Pleno a decirlle a este goberno o que ten que aprobar, como deben de aprobalo e que canto hai que investir, deberían polo menos respectar o que decidiron as veciñas e veciños. E tamén o desexo de respecto pola igualdade, o respecto das súas responsabilidades, porque na persecución da igualdade e na loita contra a violencia machista o único que non ten cabida é a división, tampouco ten cabida o aproveitamento nin as mentiras, por iso non aceptamos esta moción que traen hoxe aquí. Atoparannos sempre coas verdades, coas críticas para mellorar, cun obxectivo que debe de ser común para todas e todos; nós non usaremos nunca a Igualdade nin consentiremos discursos ideolóxicos nin politizados, nós non. Nós tampouco colleremos a Igualdade coma a nosa bandeira porque esa bandeira non é de ninguén senón de todas e todos, deste xeito, cuns obxectivos claros, este goberno de homes e mulleres que o conforman poñeremos todo o noso traballo e empeño en cumprir o noso compromiso xurado ante a cidadanía, un compromiso pola Igualdade. Vostede, Sra. Iglesias, alporízase moito por mor da pataleta de non aceptar que xa non gobernan, a min, a nós, o que nos alporiza é, por exemplo, descubrir onte unha nova condena rebaixada por culpa da súa lei do “solo si é si” que o que consegue e que saía máis barato maltratar e asasinar a unha muller, eso é o que nos alporiza a nós. Moitas gracias Presidente.

Sr. Presidente.- Grazas Sandra. Ten o último turno de palabra Doña Ana Laura Iglesias.

Sr. Iglesias González.- Moitas gracias Presidente. Xa o dixo vostede Sra. Deputada de Igualdade nunca van a coller a bandeira da Igualdade porque vostedes non creen na Igualdade i aquí o acaban outra vez de demostrar. Falamos en pasado, i falamos moi tristemente en pasado, porque esta institución era referente no eido da igualdade e por culpa vosa vai a volver outra vez ó ostracismo i ó escurantismo que é onde están vostedes levando outra vez ás



mulleres. Fala vostede de eleccións ¿quere que lle recorde eu? Que lle sacamos 45 puntos ao PP nas últimas municipais en Vigo, 19 concelleiros de 5, e que si nos podemos poñer así podemos ir nomeando moitísimos concellos, é que é absurdo o que está dicindo. A 14 días do 8M o Partido Popular nesta institución vai a volver a fallarlle ás mulleres e vai a votar en contra de subir o orzamento en igualdade ás mesmas cifras que tiña o anterior goberno progresista e feminista que estaba nesta institución, tiveron unha oportunidade de ouro para comprometerse de verdade coas mulleres de esta provincia e unha vez máis acaban de desprezalas. As nosas demandas son claras, devolvan os recursos ás mulleres, devolvan a importancia a área de Igualdade, devólvanlle a dignidade que lle roubaron a Sofía Novoa Ortiz e a María Vinyals, devólvanlle o protagonismo ás mulleres adscritas ó manifesto de Soutomaior ¿Que pensarán as mulleres periodistas e columnistas de esta país de que vostedes mutilen o nome da súa xornada, que lle repito é, “as mulleres que opinan son perigosas”?, ¡que medo lle teñen vostedes as mulleres! De verdá que non o entendo, xa deberían saber que somos o 52% da poboación e que nos costou moitísimo esforzo chegar onde estamos, levabamos 8 anos levantando a voz e dándolle voz e relevancia e poñéndolle rostro a milleiros de mulleres, porque o que non se nomea non existe e vostedes coa súa inacción o único que pretenden por razóns ideolóxicas é volver a poñerlle trabas a un avance...

Sr. Presidente.- Vaia rematando.

Sra. Iglesias González.- ... que xa lles avanzo que é imparabile. Moitas gracias Presidente.

Sr. Presidente.- Bueno, eu simplemente, á colación dun tema que manifestaba a voceira do Grupo Socialista e traía ó debate os resultados electorais, pois moi ben o tivo que facer o Bipartito no anterior mandato cando perderon 3 deputados. Vamos a proceder á votación deste punto da orde do día, o número 8, o número 9, perdón que é a Moción do Grupo Provincial Socialista para exixirle á Deputación que retome os programas e accións que se viñan desenvolvendo ata agora no eido da igualdade ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Habendo empate procedemos outra vez a votación ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada polo voto de calidade do Presidente.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría de votos en



contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixirlle á Deputación que retome os programas e accións que se viñan desenvolvendo ata agora no eido da igualdade.

10.8141.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sr. Presidente.- Non habendo asuntos fóra da orde do día, pasamos a parte de información e control.

Non houbo.

b) Parte de información e control:

11.8142.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XANEIRO DE 2024 (EXPTES.- 2024008562-2024007090)**

Sr. Presidente.- O punto número 11 que é dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores corresponde o mes de xaneiro 2024.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xaneiro de 2024, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 7 de febreiro de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de



novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

En materia de INGRESOS, con carácter xeral, non se detectaron anomalías de especial relevancia, sen prexuízo da necesidade de acometer unha revisión dos procedementos para adaptar a tramitación orzamentaria e electrónica dos mesmos.

Todo isto sen prexuízo da conveniencia de revisión e mellora das ordenanzas e acordos reguladores de taxas e prezos públicos.

Terceira. Dación de conta ao Pleno.

O presente Informe deberá ser incluído polo Sr. Presidente na orde do día do Pleno no que se inclúa a dación de conta da aprobación da liquidación do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra – exercicio 2023.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe anual de intervención sobre acordos contrarios ós reparos, supostos de omisión da función interventora e resumo das principais anomalías en materia de ingresos no exercicio 2023.

De conformidade co disposto no artigo 218.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nos artigos 15 e 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o Pleno queda enterado do contido do informe anual de intervención sobre acordos contrarios os reparos, supostos de omisión da función interventora e resumo das principais anomalías en materia de ingresos no exercicio 2023.

15.8146.- DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN RELATIVO AOS RESULTADOS



**OBTIDOS DO CONTROL DOS PAGOS A XUSTIFICAR
E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2023
(EXPTES.- 2024008570-2024005269)**

Sr. Presidente.- Punto número 15. Dar conta do informe anual de Intervención relativo aos resultados obtidos do control dos pagos a xustificar e anticipos da caixa fixa do exercicio 23.

A Intervención elaborou un informe dando conta dos resultados obtidos do control dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2023, asinado pola Viceinterventora, con data 5 de febreiro de 2024, onde se deixa constancia do seguinte:

“INFORME RESUMO ANUAL DOS RESULTADOS OBTIDOS DO CONTROL DOS PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA – EXERCICIO 2023

NORMATIVA APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Bases de Execución do Orzamento Provincial – exercicio 2023 (Base 32º. Pagamentos para xustificar e Base 33ª. Anticipos de caixa fixa).

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Informe resumo anual anticipos de caixa fixa e pagos a xustificar.

Segundo o disposto no artigo 27.2 do Real Decreto 424/2017, con ocasión da dación de conta da liquidación do orzamento e remisión ao Pleno do informe anual referido no artigo 15.6, elevarase a dito órgano, nun punto adicional, un informe cos resultados obtidos do control das contas a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Segunda. Anticipos de caixa fixa.



Segundo resulta da resolución RP 2023000148 de reordenación dos anticipos de caixa fixa (ACF) de modificación e aprobación dun Texto refundido das modificacións referidas aos anticipos de caixa fixa autorizados, no exercicio 2023 autorizouse a constitución de anticipos de caixa fixa polo importe total acumulado de 87.050,00 €,e de conformidade co seguinte:

Servizos	Aplicacións			Importe
Prevenção Riscos Laborais	929	9200	231.20	600,00
Contratación, Facenda e patrimonio	922	9200	226.03	6.000,00
Contratación, Facenda e patrimonio	922	9330	226.99	2.000,00
Servizo central	920	9200	221.03	12.000,00
Servizo central	920	9200	231.20	1.000,00
Servizo central	920	9200	230.20	2.000,00
Príncipe Felipe	232	2312	222.01	150,00
Príncipe Felipe	232	2312	223.00	1.500,00
Príncipe Felipe	232	2312	226.09	6.400,00
Príncipe Felipe	232	2312	226.99	16.000,00
Príncipe Felipe	232	2312	209.00	1.000,00
Medio Ambiente	410	4100	221.03	100,00
Medio Ambiente	410	4100	226.99	1.000,00
Areceiro	413	4123	226.99	300,00
Turismo	433	4320	230.20	6.000,00
Turismo	433	4320	231.20	6.000,00
Turismo	433	4320	226.99	500,00
Órganos de goberno	900	9120	230.00	3.000,00
Órganos de goberno	900	9120	231.00	6.000,00
Gabinete Presidencia	912	9120	230.20	3.000,00
Gabinete Presidencia	912	9120	231.20	6.000,00
Museo Provincial	333	3330	212.00	100,00
Museo Provincial	333	3330	221.03	50,00
Museo Provincial	333	3330	221.99	50,00
Museo Provincial	333	3340	221.99	300,00
Museo Provincial	333	3330	226.04	100,00
Museo Provincial	333	3330	629.02	100,00
Museo Provincial	333	3330	209.00	300,00
Novas Tecnoloxías	926	9260	209.00	1.500,00
Novas Tecnoloxías	926	9260	641.00	1.500,00
Serv. Asistencia Intermunicipal	923	1623	221.03	250,00



Serv. Asistencia Intermunicipal	923	1623	221.15	250,00
Serv. Asistencia Intermunicipal	923	1623	230.20	75,00
Serv. Asistencia Intermunicipal	923	1623	231.20	325,00
Serv. Asistencia Intermunicipal	923	1623	226.99	100,00
Comunicación institucional	924	9240	230.20	500,00
Comunicación institucional	924	9240	23120	1.000,00
TOTAL				87.050,00

Os anticipos de caixa fixa para facer fronte aos pagos derivados dos contratos de Vía T (telepeaxe), que ten subscritos a Deputación de Pontevedra coa entidade NovaGalicia Banco, correspóndense no exercicio 2023 coa contía global de 17.420,00 € nos seguintes conceptos, aplicacións e importes autorizados (RP n° 2023001498):

Servizos	Aplicacións			Importe
Parque móbil	920	9200	231.20	7.000,00
E.F. Areeiro	413	4123	231.20	700,00
Parque maquinaria	456	4530	231.20	600,00
Príncipe Felipe	232	2312	231.20	700,00
Medio Ambiente	410	4100	231.20	700,00
Infraestruturas	456	4530	23120	3.000,00
Patrimonio Documental e Bibliográfico	332	3322	231.29	1.500,00
ORAL	932	9320	231.20	1.000,00
Cooperación	942	9432	231.20	1.070,00
Comunicación institucional	924	9240	23120	500,00
Museo Provincial	333	3320	23120	150,00
Novas Tecnoloxías	926	9260	23120	500,00
TOTAL				17.420,00

Os anticipos de caixa fixa nesta entidade funcionan cunha conta restrinxida de anticipos de caixa fixa centralizada ou global, figurando o tesoureiro como habilitado perceptor, sen prexuízo da asignación contable dunha conta específica e do nomeamento dun responsable da xustificación dos fondos por cada centro xestor ou servizo.

Segundo resulta do exame da contabilidade e expedientes de reposición, os gastos xustificadas correspóndense cos conceptos e importes autorizados. As xustificacións e reposición de fondos con carácter xeral foron informados favorablemente.

Os saldos pendentes de xustificación á finalización do exercicio, correspondentes principalmente cos telepeaxes e/ou pagos domiciliados dos meses de decembro, foron xustificadas no mes de xaneiro deste ano.



Recomendacións:

- Dúas das recomendacións sinaladas no Informe de seguimento anual do ano 2020 referidas á aprobación de Resolucións anuais de autorización dos anticipos de caixa fixa e previsión dun prazo ampliado para gastos domiciliados e gastos necesarios e inaprazables realizados con posterioridade ao 15 de decembro, foron obxecto de aplicación nos dous exercicios anteriores. Neste sentido, e no que respecta ao exercicio 2022 aprobáronse as Resolucións de reordenación e texto refundido dos anticipos de caixa fixa autorizados. Por razóns de seguridade xurídica recoméndase a continuidade desta medida con aprobación de Resolucións unificadas de vixencia en cada anualidade. Así mesmo, na base de execución 33ª das BEO para o ano 2022 recolleuse a previsión dun prazo ampliado para gastos (OBES e domiciliacións) incorridos no último mes do ano.
- Como sinalamos en informes anteriores, e a efectos dunha maior seguridade e control dos fondos, aconsellamos a revisión e cambio da operativa, substituíndo a entrega de efectivo ou cheques, co funcionamento a través de contas restrinxidas de anticipos de caixa fixa con disposición dos fondos mediante transferencia.
- Así mesmo, considerando a excepcionalidade deste sistema de pagamento, recoméndase a revisión das necesidades e movementos dos anticipos de caixa fixa a efectos de suprimir aqueles que non resulten necesarios, aplicando unha política restritiva na súa autorización e mantemento.

Terceira. Pagos a xustificar.

Segundo resulta da documentación obrante nos expedientes correspondentes e na contabilidade, os pagos a xustificar (PX) autorizados no exercicio foron debidamente xustificadas.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención de data 5 de febreiro de 2024 sobre o resumo anual dos resultados obtidos do control dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2023.

De conformidade co disposto no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención de data 5 de febreiro de 2024 sobre o resumo anual dos resultados obtidos do control dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2023.

16.8147.- DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN RELATIVO Á AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE



MOROSIDADE DO EXERCICIO 2023 (EXPTES.- 2024008571-2024005269)

Sr. Presidente.- Punto número 16. Dar conta do informe anual de Intervención relativo á avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade do exercicio 23.

A Intervención elaborou un informe sobre a avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade do exercicio 2023, asinado pola Viceinterventora, con data 5 de febreiro de 2024, onde se deixa constancia do seguinte:

“ASUNTO: AVALIACIÓN ANUAL MOROSIDADE EXERCICIO 2022 (artigo 12.2 Lei 25/2013)

NORMATIVA APLICABLE:

- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.
- Guía para a elaboración dos Informes Trimestrais que as Entidades Locais deben remitir ao Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do PMP das Entidades Locais.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Consideracións xerais.



De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público, o órgano de control interno elaborará un informe no que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade.

A normativa en materia de morosidade atópase contida, fundamentalmente, na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais. Nela, regúlase como indicador económico do cumprimento do principio de sustentabilidade financeira regulado no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, o período legal de pago ou prazo máximo en que as administracións públicas poden proceder ao pago das facturas derivadas dos seus contratos.

En virtude deste período legal de pago a Administración terá a obriga de abonar o prezo dentro do trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados. En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá abonar ao contratista os intereses de demora así como, a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Así mesmo, deberá avaliarse o cumprimento da normativa sobre o período medio de pago a provedores regulado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O período medio de pago definido neste real decreto, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago.

Segunda. Alcance do Informe.

O presente informe emítese por parte da Intervención en relación coas seguintes actuacións recollidas no mesmo:

- Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre morosidade.
- Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre o período medio de pago.
- Verificar o cumprimento das obrigas de remisión da información ao Ministerio de Facenda nos prazos establecidos pola normativa aplicable.

Terceira. Cumprimento dos prazos establecidos na normativa de morosidade e PMP.

3.1. Cumprimento dos prazos establecidos na normativa de morosidade.

3.1.1. Pagos realizados no período.

Trimes- tre	Dentro do Período Legal de Pago				Fóra do Período Legal de Pago				Total de pagos realizados	
	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	Importe



1T	2.713,00	97,77%	9.148.335,18	98,54%	62,00	2,23%	135.765,85	1,46%	2.775,00	9.284.101,03
2T	3.396,00	99,04%	11.507.433,94	99,78%	33,00	0,96%	25.201,19	0,22%	3.429,00	11.532.635,13
3T	3.435,00	97,03%	13.623.913,42	95,11%	105,00	2,97%	700.085,93	4,89%	3.540,00	14.323.999,35
4T	4.533,00	99,15%	15.868.198,50	98,27%	39,00	0,85%	279.465,99	1,73%	4.572,00	16.147.664,49
TOTAL	14.077,00	98,33%	50.147.881,04	97,78%	239,00	1,67%	1.140.518,96	2,22%	14.316,00	51.288.400,00

Obsérvase que os pagos realizados dentro do período legal de pago durante o exercicio 2022, ascenderon a 14.077,00 no que respecta ao número de documentos xustificativos de gasto, e polo importe total de 50.147.881,04 euros, o que supón unha porcentaxe do 98,33 % do total de facturas e/ou certificacións pagadas no exercicio e 97,78% en termos de importe.

En canto aos pagos realizados fóra do período legal de pago, supoñen un total de 239 facturas e certificacións (1,67% sobre o total) e un importe de 1.140.518,96 € (2,22% sobre o total).

1.2. Pendentes de pago ao final do período.

Tri mes tre	Dentro do período legal de pago				Fóra do Período Legal de Pago				Total pagos pendentes	
	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	Importe
1T	270,00	96,43%	1.509.585,81	99,52%	10,00	3,57%	7.363,43	0,48%	280,00	1.516.949,24
2T	388,00	97,73%	902.068,53	99,08%	9,00	2,27%	8.379,02	0,92%	397,00	910.447,55
3T	415,00	90,02%	1.551.912,07	98,75%	46,00	9,98%	19.723,56	1,25%	461,00	1.571.635,63
4T	69,00	90,79%	208.098,09	95,09%	7,00	9,21%	10.751,68	4,91%	76,00	218.849,77

Os pagos pendentes ao final do exercicio de referencia (4º trimestre), se corresponden con 76 facturas ou documentos xustificativos de gasto por importe de 218.849,77 €, dos cales 69 destes xustificantes se atopan dentro do prazo legal (90,79% sobre o total), por un importe acumulado de 208.098,09 € (95,09% sobre o total).

1.3. Cumprimento do período medio, calculado con ocasión da elaboración dos informes de morosidade.

Trimestre exercicio 2022	PMP (Días)
1T	10,43
2T	8,66
3T	10,77
4T	9,22

O período medio de pago trimestral da Deputación de Pontevedra calculado na elaboración dos informes de morosidade, sitúase por debaixo de 30 días.

3. Cumprimento do Período Medio de Pago.



O período medio de pagamento definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos, como un indicador diferente respecto ao período legal de pago da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas para combater o atraso no pagamento nas operacións comerciais.

O PMP sitúase por debaixo do límite legal en todos os meses do ano 2022.

PMP global ¹ 2022	
Mes	Nº de días
Xaneiro	9,98
Febreiro	9,32
Marzo	9,89
Abril	7,17
Maio	9,05
Xuño	9,17
Xullo	9,33
Agosto	14,97
Setembro	9,98
Outubro	9,20
Novembro	8,90
Decembro	10,69

4. Cumprimento da obriga de remisión en prazo ao Ministerio.

De conformidade co disposto no artigo 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, que regula as obrigas trimestrais de subministro de información, entre as que se atopa a relativa aos informes de morosidade, a remisión dos datos correspondentes a estes informes realizarase antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre natural.

Respecto ao PMP, a remisión ao Ministerio de Facenda deberá realizarase con periodicidade antes do último día do mes seguinte ao período de referencia.

Os datos foron remitidos en prazo ao Ministerio, excepto o informe do PMP do mes de maio.

¹ Calculado en termos consolidados.



Listado de periodos con datos PMP

Ejercicio:

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2022	Enero	28/02/2022	Firmado en plazo	
2022	Febrero	31/03/2022	Firmado en plazo	
2022	Marzo	30/04/2022	Firmado en plazo	
2022	Abril	31/05/2022	Firmado en plazo	
2022	Mayo	30/06/2022	Firmado fuera de plazo	
2022	Junio	01/08/2022	Firmado en plazo	
2022	Julio	31/08/2022	Firmado en plazo	
2022	Agosto	30/09/2022	Firmado en plazo	
2022	Septiembre	31/10/2022	Firmado en plazo	
2022	Octubre	30/11/2022	Firmado en plazo	
2022	Noviembre	31/12/2022	Firmado en plazo	
2022	Diciembre	31/01/2023	Firmado en plazo	

Fonte: Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais (Ministerio de Facenda e Función Pública).

CONCLUSIONES:

Do análise dos datos correspondentes a informes de morosidade e PMP no exercicio 2022, cómpre destacar o cumprimento do PMP, así como a tramitación e pagamento dentro do período legal de pago respecto dunha porcentaxe significativa de facturas ou documentos xustificativos de gasto.

RECOMENDACIONES:

- A falta de integración do rexistro de facturas na contabilidade impide a obtención dos informes directamente do programa contable. O grao de desenvolvemento e limitacións do programa actual aconsellan un cambio de aplicación que permita a implantación dun rexistro “contable” de facturas e a obtención dos datos de morosidade directamente da contabilidade.
- Debe revisarse o tipo de documentos a incluír no rexistro de facturas, de xeito que sen prexuízo das especialidades procedimentais que correspondan, se inclúan a totalidade das facturas. Así mesmo debe revisarse o sistema de rexistro das certificacións, que a xuízo desta informante non deberían rexistrarse no rexistro contable de facturas, sen prexuízo do enlace coa factura a efectos de cálculo dos informes de morosidade e PMP.
- Manter o sistema de revisión e seguimento de facturas pendentes que desde mediados do 2021 se ven levando a cabo pola Técnica de xestión orzamentaria e que repercutiu moi



positivamente na depuración dos listados, detección de erros e maior axilidade na tramitación e pagamento das facturas.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe anual da Intervención de data 5 de febreiro de 2024 relativo á avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade no exercicio 2023.

De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público o Pleno queda enterado do contido do informe anual da Intervención de data 5 de febreiro de 2024 relativo á avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade no exercicio 2023.

17.8148.- **DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN RELATIVO Á AUDITORÍA DE SISTEMAS DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS 2022 (EXPTES.- 2024008572-2023065283)**

Sr. Presidente.- Punto número 17. Dar conta do informe anual de Intervención relativo á auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2022.

A Intervención elaborou o informe anual de auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2022, asinado pola Viceinterventora, con data 5 de febreiro de 2024, onde se deixa constancia do seguinte:

INFORME ANUAL DE AUDITORÍA DE SISTEMAS DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS 2022

En cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público, por parte desta intervención e de acordo coas instrucións contidas na Guía para as auditorías dos Rexistros Contables de Facturas publicada pola Intervención Xeral do Estado, procédese a realizar una auditoría de sistemas para verificar o cumprimento polo rexistro contable de facturas desta entidade das condicións de funcionamento previstas na normativa sobre facturación electrónica.

NORMATIVA APLICABLE:

- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público.
- Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013.
- Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o PGEFe.
- Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo, pola que se modifican a Orde HAP/492/2014 e a Orde HAP/1074/2014.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.
- Bases de execución do Orzamento 2022.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Obxectivos e alcance da auditoría.

O obxectivo principal do presente informe céntrase en verificar o grao de cumprimento polo rexistro contable de facturas das condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento, para iso levaranse a cabo as seguintes accións:

- Análises dos procesos de recepción de facturas electrónicas, da súa anotación no correspondente rexistro contable de facturas e da súa correspondente tramitación en función de se son aceptadas ou rexeitadas.
- Análises dos tempos medios de inscrición de facturas nos rexistros contables de facturas, así como da posible retención nas distintas fases do proceso de facturas.
- Análises das causas e das actuacións do órgano competente en materia de contabilidade en relación coas facturas respecto dos cales transcorreran máis de tres meses desde que foron anotadas sen efectuarse o recoñecemento da obriga.
- Verificación da correcta implementación dos controis de xestión nas aplicacións informáticas implicadas.



- Revisión da xestión da seguridade en aspectos relacionados coa confidencialidade, autenticidade, integridade, trazabilidade e dispoñibilidade dos datos e servizos de xestión.

En relación ao alcance desta auditoría, cabe destacar que se trata dunha auditoría de sistemas encamiñada exclusivamente á validación dos sistemas de información que xestionan os rexistros contables de facturas, sen existir ningunha conexión entre esta auditoría con outros posibles controis englobados en auditorías operativas que verifiquen a veracidade e consistencia de expedientes.

A auditoría realizada axustouse ao documento de “Planificación dos traballos de auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2022”, elaborado pola Intervención provincial en data 23/10/2023.

No que atinxe ao ámbito temporal o presente informe cingúese ao funcionamento do rexistro contable de facturas, respecto das facturas rexistradas na anualidade 2022.

Segunda. Colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías.

O órgano de Intervención non dispón de persoal con coñecementos avanzados informáticos, de programación e tecnolóxicos, o que constitúe unha importante limitación ao alcance na realización destes traballos. A estes efectos foi necesario contar coa colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías para a realización de parte das probas obxecto da auditoría. Consta no expediente o Informe asinado polos técnicos de programación en data 12/01/2024 (en adiante, Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías [NNTI]).

Terceira. Descrición do procedemento e verificación da súa adecuación.

3.1. Procedemento legal.

As facturas deben ser rexistradas pola oficina contable no RCF, asignando a cada unha un código de identificación de dita factura no referido rexistro contable, que a acompañará na súa tramitación.

As facturas, tanto electrónicas como en papel, recibidas no RCF, antes da súa distribución aos correspondentes órganos competentes para a súa tramitación, deben ser obxecto de validación. Se se detectan datos incorrectos ou que impidan a súa distribución aos devanditos órganos competentes, ou que as facturas non lle corresponden, debera ser rexeitadas e devoltas ao rexistro administrativo de procedencia con expresión da causa do devandito rexeitamento, quedando constancia no propio RCF.

A oficina contable que efectuase a anotación da factura recibida, electrónica ou en papel, no respectivo RCF a remitirá ao órgano xestor destinatario da mesma, a través da unidade tramitadora correspondente, deixando constancia no RCF da data e hora do acuse de recibo pola unidade tramitadora, que haberá de pronunciarse sobre a conformidade ou devolución da factura recibida, do que se deixará constancia no devandito rexistro. No caso das facturas electrónicas, o RCF poñerá ao dispor das correspondentes unidades tramitadoras as facturas rexistradas, que, se dispoñen dun sistema de xestión económico-orzamentario preparado para



iso, recibíranas no seu respectivo sistema utilizando os servizos que, para ese efecto, prevé o rexistro contable de facturas.

A unidade tramitadora destinataria da factura expresará a súa conformidade ou desconformidade coa mesma accedendo directamente ao rexistro contable correspondente ou a través do seu propio sistema de xestión no caso de que este último poida facer uso dos servizos provistos a tal fin polo rexistro contable de facturas.

A tramitación, en caso de conformidade, do recoñecemento da obriga polo órgano xestor e o asento en contabilidade da obrigación recoñecida e da proposta de pago identificarán as facturas obxecto da proposta a través dos correspondentes códigos de identificación asignados no RCF. A contabilización da obrigación recoñecida no sistema de información contable provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de obrigación recoñecida.

A anotación no sistema de información contable do pago material da correspondente operación, igualmente provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de pagada. A oficina contable, a través do RCF, efectuará requirimentos periódicos de actuación respecto a as facturas pendentes de recoñecemento de obrigación, que serán dirixidos aos órganos xestores competentes. Do mesmo xeito, elaborará un informe trimestral coa relación das facturas con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigación polos órganos competentes.

3.2. Observacións xerais en materia de procedemento.

Na mesma liña do advertido nos informes de auditoría do rexistro contable de facturas correspondentes a exercicios anteriores, a principal salvidade coa que nos atopamos correspóndese coa implantación do Rexistro de facturas no xestor de expedientes sen integración ou interrelación co programa contable (artigo 8.2 da Lei 25/2013, artigo 4.1 Orde HAP/492/2014), de xeito que este rexistro non resulta accesible desde o programa contable.

Cuarta. Probas relacionadas coas facturas en papel.

Procedeuse a verificar o cumprimento do artigo 4 da Lei 25/2013 e a aplicación dos criterios desenvolvidos na circular 1/2015, de 19 de xaneiro, da IGAE, sobre obrigatoriedade da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, comprobándose os seguintes extremos:

- Que todas as facturas en papel que se rexistran no RCF gardan a información citada no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.
- Que as facturas presentadas en papel non están a incumprir a normativa de obrigatoriedade de facturación electrónica.

Para a comprobación de devanditos extremos realizáronse as seguintes probas:

4.1. Comprobación de que o RCF garda a información referida no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.

- a) Fecha de expedición de la factura.
- b) Fecha de presentación de la factura en el registro administrativo.



- c) Número de Identificación Fiscal o número de identificación equivalente del expedidor de la factura.
- d) Nombre y apellidos, razón o denominación social completa del obligado a expedir factura.
- e) Número de factura y, en su caso, serie.
- f) Importe de la operación, incluido IVA (o impuesto equivalente).
- g) Unidad monetaria en la que está expresado el importe, de acuerdo con la codificación ISO 4217 Alpha-3.
- h) Código de los órganos competentes en la tramitación de la factura así como del órgano o unidad administrativa que tenga atribuida la función de contabilidad, codificado de acuerdo con el directorio DIR3 de unidades administrativas gestionado por la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas.

Constan no expediente os listados de documentos rexistrados como facturas en soporte papel (ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2022.xlsx).

Segundo sinala o informe do Servizo de Novas Tecnoloxías realizouse a execución da consulta 1.A do ficheiro anexo (ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2022.xlsx), “a consulta indica que existen **1091** facturas en papel, tanto as recibidas en Cividas como as dadas de alta no aplicativo de contabilidade. Se non temos en conta neste listado de facturas as certificacións (370), o número sería de **721** facturas”.

- Cómpre referir que ata a data, as certificacións de obras se veñen rexistrando no RCF. Considerando que estes documentos non son propiamente facturas, débese revisar e redefinir pola Intervención o tratamento destes documentos, co obxecto de excluílos do RCF, sen prexuízo da súa necesaria interrelación co circuíto de facturas, en tanto que se trata de documentos preceptivos para o recoñecemento da obriga de gasto, así como para o cálculo do PMP e informes de morosidade. Outros documentos que se veñen rexistrando como facturas son os correspondentes ás liquidacións tributarias. Estes documentos tampouco teñen dita natureza, aínda que por simplificación procedimental se veñen rexistrando e tramitando como factura, deben se obxecto dun rexistro adecuado, polo que advírtese igualmente da necesidade de revisión dos procedementos, de xeito que as liquidacións tributarias (impostos e taxas) se rexistren no rexistro ordinario (excluídas pois do RCF) sen prexuízo do deseño e implementación dun procedemento ou circuíto similar ao previsto para a tramitación dos documentos factura (coa particularidade da súa exclusión a efectos de cálculo do PMP e informes de morosidade).

Actualmente estanse a levar a cabo as actuacións de estudio, parametrización e integración necesarias para a implantación dun novo sistema de contabilidade, con previsión de entrada en funcionamento no segundo trimestre do ano 2024. Recoméndase abordar o estudo destas modificacións neste proceso de implementación e integración co xestor de expedientes, ou na fase de posta en funcionamento inmediatamente posterior, efectuando unha revisión de circuítos e procedementos.

- Respecto da información requirida no artigo 5.2 da Orde HAP/492/2014, de acordo cos datos e documentos incorporados ao expediente, detéctase que 153 dos documentos rexistrados (descartando as certificacións) non recollen o código DIR3.



Considerando o volume de documentos rexistrados sen identificación do código DIR3, recoméndase a implantación de filtros ou controis que impidan continuar a tramitación ou alerten desta circunstancia.

O resto dos campos preceptivos figuran completos e con formato válido, coa única excepción da numeración de dúas (2) facturas, que se entende que non responde a un formato válido:

FECHA EXPEDICIÓN FACTURA	FECHA PRESENTACIÓN FACTURA	NÚMERO IDENTIFICACIÓN FISCAL	NOMBRE APELLIDOS	NÚMERO FACTURA
2/19/2022	3/3/2022 9:04 AM	44080599H	FRANCISCO JAVIER VARELA GONZÁLEZ	#FS22.021
5/13/2022	5/23/2022 1:57 PM	10032589N	RICARDO GURRIARÁN RODRÍGUEZ	-/2022

4.2. Comprobación de que as facturas en papel non incumpren a obriga de facturación electrónica.

De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 25/2013 e Bases de execución do orzamento 2022, os suxeitos referidos en dito precepto están obrigados a facturar electrónicamente, sen que resulte de aplicación nesta entidade (desde o a no 2020) a exención desta obriga por razón da contía.

Do listado de facturas en formato papel, excluímos os suxeitos non obrigados á facturación electrónica, así como outros documentos que aínda que rexistrados como facturas non teñen dita natureza, como son as certificacións (campo “escertificacion” = “0”), liquidacións tributarias e cotas das comunidades de propietarios, do que resulta un total de 11 facturas en situación de incumprimento:

FECHA EXPEDICIÓN FACTURA	FECHA PRESENTACIÓN-FACTURA	NÚMERO IDENTIFICACIÓN FISCAL	NOMBRE-APELLIDOS	NÚMERO FACTURA	IMPORTE TOTAL FACTURA
1/20/2022	20/01/2022	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA	2022002181	116,11
12/12/2022	12/12/2022	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA	2022/62743	149,72
3/30/2022	01/06/2022	A94071727	XENERA COMPAÑÍA ELÉCTRICA, S.A.	22000695	366,17
9/30/2022	30/09/2022	B64562770	ARLEA HOTELS SL	20223936028R L02R001272	264,04
2/24/2022	24/02/2022	A66141185	VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU	10833	203,13
4/12/2022	12/04/2022	A66141185	VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU	1T/2022	50,71
6/29/2022	29/06/2022	A66141185	VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU	02652022AN0 0010749	50,71
12/19/2022	19/12/2022	A66141185	VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU	02652022AN0 0018579	101,71
1/18/2022	25/01/2022	ATU73692104	KAMMEL ÖSTERREICHISCHES FILMSERVICE E.U.	22-006	1.800
3/1/2022	07/03/2022	FI29586914	NOVA TALENT OY	2022/0006	980
11/29/2022	01/12/2022	FR15411309198	ARTPRICE.COM SA	2022a1751371	276,81



Considerando a dificultade de expedición de factura electrónica por parte de entidades estranxeiras (3), é a vista do reducido número de facturas expedidas por sociedades nacionais e do seu importe, non se considera un incumprimento substancial e, por conseguinte, non se propón a adopción de maiores controis ou filtros de tramitación, sen prexuízo do seu seguimento e análise en exercicios posteriores.

4.3. Comprobación do estado das facturas (todas foron pagadas ou devoltas):

O Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías refire a execución dunha consulta que reflicte que a totalidade das facturas figuran como pagadas.

“Se executa a consulta 1.A.3 pódese apreciar que todas as facturas se atopan pagadas, achégase o listado ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2022_data_Coñecemento_Obriga.xlsx resultado de dita consulta.”

Revisados os listados a totalidade das facturas rexistradas figuran como pagadas, constando así mesmo, no listado á data de recoñecemento da obriga de gasto.

4.4. Verificación da asignación dun código de identificación de factura.

O Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías sinala que a realización da seguinte proba:

“As facturas do listado do RCF teñen asignado un código de identificación de factura.

- a. Se comproba executando consulta 1.A.4, que da como resultado o listado anexo ListadoFacturasPapelCIV_Rexistro_2022.xlsx no que se observa que todas as facturas teñen un código de identificación asignado.”

Segundo detalle do documento excel, a totalidade das facturas teñen un código de identificación que se corresponde co número de expediente CIVIDAS asignado. Non en tanto, a práctica totalidade das facturas carecen da información respecto do código de rexistro.

Quinta. Probas relacionadas coas facturas presentadas electronicamente.

5.1. Verificación da coincidencia das facturas rexistradas en CIVIDAS e FACE.

Procedeuse a verificar o cumprimento dos artigos 9.1 e 9.2 da Lei 25/2013, comprobándose que todas as facturas remitidas polos Puntos de entrada de facturas electrónicas, PXEFe, son postas a disposición ou remitidas automaticamente ao RCF, que á súa vez, ao recibila, anótaa, xerando un código de identificación de dita factura que é comunicado inmediatamente aos PXEFe. Doutra banda, tal e como recolle o artigo 7 da Lei 25/2013 procedeuse a constatar que o órgano administrativo destinatario da factura debe ser responsable do seu arquivo e custodia, aínda que pode optar por utilizar ao PXEFe como medio de arquivo e custodia.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizouse a “Verificación da coincidencia das facturas rexistradas en CIVIDAS e FACE”, de acordo coas seguintes “probas:

1. Reconto das facturas rexistradas no RCF (excluídas en papel) e facturas rexistradas en FACE.
 - a. O ficheiro solicitado a face (LibroFace_Facturas_2022.xlsx) indica que se presentaron **12428** con destino a oficina contable LA0006135. A execución da consulta 2.A indica que se baixaron as **12435** facturas electrónicas presentadas en FACE (ListadoCorrespondenciaCodigoFACE_RCF_2022.xlsx).



A discrepancia débese a que, destas **12435** se descargaron dúas veces (debido a un problema de comunicación con F@ce á hora de comunicar a descarga o día 1/11/2022) as **7** facturas indicadas na seguinte figura:

REGISTRO	NIF	SERIENUMERO	REGISTRYCODE	REGISTRYDATEHOUR	PROCEDURECODE	DOSSIERSTATUSTYPECODE
REGAGE22e00000540565	A36646685	20220002	WEB2022000780	1/11/2022 6:02 AM	2022001241	FACANU
REGAGE22e00000540565	A36646685	20220002	WEB2022000815	1/11/2022 9:02 AM	2022001312	PAG
REGAGE22e00000560457	ES865552432	210172642	WEB2022000782	1/11/2022 6:10 AM	2022001243	FACANU
REGAGE22e00000560457	ES865552432	210172642	WEB2022000816	1/11/2022 9:03 AM	2022001313	PAG
REGAGE22e00000562811	J94081577	EMIT-228	WEB2022000784	1/11/2022 6:11 AM	2022001245	FACANU
REGAGE22e00000562811	J94081577	EMIT-228	WEB2022000817	1/11/2022 9:03 AM	2022001314	PAG
REGAGE22e00000573355	ES865552432	210174830	WEB2022000797	1/11/2022 6:12 AM	2022001258	FACANU
REGAGE22e00000573355	ES865552432	210174830	WEB2022000818	1/11/2022 9:03 AM	2022001315	FACANU
REGAGE22e00000574139	ES865552432	210174807	WEB2022000798	1/11/2022 6:12 AM	2022001259	FACANU
REGAGE22e00000574139	ES865552432	210174807	WEB2022000819	1/11/2022 9:03 AM	2022001316	PAG
REGAGE22e00000585108	F36165082	001000795	WEB2022000803	1/11/2022 6:12 AM	2022001264	FACPENDREX
REGAGE22e00000585108	F36165082	001000795	WEB2022000820	1/11/2022 9:03 AM	2022001317	FACANU
REGAGE22e00000590275	ES885635910	PA4PA4/00000403	WEB2022000806	1/11/2022 6:13 AM	2022001267	FACANU
REGAGE22e00000590275	ES885635910	PA4PA4/00000403	WEB2022000822	1/11/2022 9:03 AM	2022001319	PAG

Ilustración 1 Estado facturas descargadas dos veces de Face.

Pódese apreciar a táboa anterior que das sete facturas descargadas dúas veces, se pagaron cinco, topándose o resto anuladas. É dicir se comproba que non se pagou a mesma factura dúas veces. Dita información está dispoñible no listado FacturasFACeDosVecesDescargadas_2022.xlsx.

Compróbase que non existen facturas Pagadas co mesmo CIF, número de serie, número de factura e ano da data de factura.

2. Cruce por NIF e número de Facturas.

- O cruce realízase por número de rexistro de face (máis fidedigno), dado que este código se consolida en base de datos no momento en que se confirma a descarga da factura de F@CE, isto fai que sexa o mellor indicador para vincular o rexistro da factura en F@ce co rexistro da factura no RCF. Realizado dito cruce, obsérvase que das **12428** facturas presentadas en F@ce se rexistraron todas no RCF. Usamos o mesmo listado ListadoCorrespondenciaCodigoFACE_RCF_2022 para comprobar este punto. Resaltar que neste listado aparecen duplicadas as facturas indicadas no apartado 4.2.1 - 1.a”.

Cómpre sinalar que como advertiuse na auditoría do rexistro de facturas de anos anteriores, novamente atopamos que as facturas correspondentes con entidades adscritas e dependentes (Consortio Provincial e Escola de Enfermería) non dispoñen do seu rexistro contable, con entrada no RCF da Deputación (545), cuestión que debe ser solventada no futuro.

5.2. Comprobación de que o RCF garda a información referida no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizáronse as seguintes probas:

- “Verificación dos campos completos respecto da totalidade de facturas correspondentes co listado do RCF.
 - Executando a consulta 2.B, obsérvase que todas as facturas teñen os campos requiridos.”



Respecto das 12.428 facturas con destino á oficina contable LA0006135 (Deputación) compróbase a cumprimentación dos campos, advertindo da existencia de erros o campo serie (referencia á data, “Emit”, numeración negativa...) que son orixinados no rexistro da factura en FACE e se manteñen no volcado ao rexistro provincial.

5.3. Verificación da asignación dun código de identificación de factura.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizáronse as seguintes probas:

1. “Todas as facturas do listado do RCF teñen asignado un código de identificación de factura.
 - a. No listado ListadoCorrespondenciaCodigoFACE_RCF_2022, que indica a vinculación das facturas de F@ce coas descargadas no RCF, se pode apreciar que todas teñen un número (número de rexistro) identificador da factura no RCF.
 - b. Cabe destacar neste apartado o listado ListadoFActurasPontegal_2021_informacion_fase_O.xlsx (contén información da data de recoñecemento da obriga), que indica as facturas do procedemento Pontegal do ano 2022, no que se aprecia que temos **2180** facturas que son tramitadas como se de electrónicas se tratasen, pero sen facer ningún tipo de notificación de cambio de estado a F@ce. Todas estas facturas se atopan pagadas.”

Xunto coas facturas en soporte papel e as facturas electrónicas, atopamos unha terceira categoría correspondente coas facturas “dixitais” que non se presentan a través do PXEFe e que, por conseguinte, non poden ser consideradas como “facturas electrónicas” stricto sensu. Se trata das facturas correspondentes co programa cultural de xestión provincial PONTEGAL; estas facturas presentadas dixitalmente pola sede, se rexistran directamente no RCF, sen presentarse polo PXEFe nin comunicar ningún cambio de estado a FACE. Se trata dunha situación de carácter excepcional, cuxa práctica vén xustificada pola dificultade dos participantes no programa Pontegal, de presentación electrónica das facturas, de xeito que se facilita por Deputación un aplicativo para preparación de facturas e presentación por sede.

Trátase de facturas expedidas principalmente por persoas físicas e maiormente asociacións, sendo, polo tanto suxeitos con obriga de relacionarse electrónicamente coa administración (no caso das asociacións) si ben exentas da obriga de facturación electrónica, de xeito que sería admisible a presentación da factura en formato dixital ao marxe das esixencias previstas para a facturación electrónica. Non en tanto, evidenciase no listado un total de 87 facturas expedidas por sociedades, e que, por conseguinte, estarían incumprindo a obriga de facturar electrónicamente con presentación a través de FACE. Cómpre revisar esta circunstancia co obxecto de excluír ás sociedades desta posibilidade de facturación (por exemplo, configuración dun control que exclúa desta liña de presentación a través da sede daquelas facturas correspondentes a terceiros cuxo NIF comece pola letra “A” ou “B”; ou, no seu caso, estudar a posibilidade da exclusión, vía regulamentaria, da obrigatoriedade de facturación electrónica das facturas vinculadas a este programa, en función do importe, permitindo, por conseguinte, a presentación das facturas a través da sede).

Respecto destas facturas advírtese da numeración incorrecta en algúns supostos con número de factura coincidente para os mesmos provedores. Ditas facturas deberon ser rexeitadas en



tramitación polo servizo por erro na numeración. Recoméndase establecer mecanismos de control para que se alerte ou impida este tipo de rexistros.

2022054852	8/17/022	8/18/2022 12:37 PM	G94046224	ASOC CULTURAL BANDA DE GAITAS E PERCUSIÓN FOULA DE COTOBADE	22	3	270
2022041067	6/2/2022	6/6/2022 8:43 AM	G94046224	ASOC CULTURAL BANDA DE GAITAS E PERCUSIÓN FOULA DE COTOBADE	22	3	270
2022055766	8/24/2022	8/25/2022 8:41 AM	G94046224	ASOC CULTURAL BANDA DE GAITAS E PERCUSIÓN FOULA DE COTOBADE	22	5	270
2022045095	6/28/2022	6/29/2022 10:37 AM	G94046224	ASOC CULTURAL BANDA DE GAITAS E PERCUSIÓN FOULA DE COTOBADE	22	5	270
2022057901	9/6/2022	9/7/2022 9:12 AM	G94046224	ASOC CULTURAL BANDA DE GAITAS E PERCUSIÓN FOULA DE COTOBADE	22	7	270
2022049227	7/20/2022	7/22/2022 8:30 AM	G94046224	ASOC CULTURAL BANDA DE GAITAS E PERCUSIÓN FOULA DE COTOBADE	22	7	240

Respecto do número de serie, a maior parte dos casos se rexistra de xeito incorrecto e innecesario sen corresponderse cunha serie real. Son numerosos os supostos nos que se utilizan signos de puntuación, anos ou datas, ou se inverte ou duplica o campo serie co campo da numeración.

Recoméndase o establecemento de mecanismos de control, así como configuración do campo serie como campo de cumprimentación previa confirmación expresa polo interesado de que a entidade utiliza diferentes series numéricas na facturación.

5.4. Remisión ao PXEFe dun código automatizado identificador da factura.

Verificar que, de maneira automatizada, ao descargar a factura, o RCF remite ao PXEFe un código automatizado co identificador da factura no RCF. Do mesmo modo, haberá de verificarse que estas se almacenan correctamente.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realízase a seguinte proba:

“Comprobación de que as facturas do listado de FACE recollen o código de identificación do RCF:

1. Cruce de ambos listados por NIF, nº de factura e código de identificación do RCF.
 - a. Na consulta 2.E se consegue a relación entre o código no PXEFe e o número do RCF, estase a usar como número do RCF o número de rexistro de entrada na Plataforma de Xestión de Expedientes. Ver listado: ListadoCorrespondenciaCodigoFACE_RCF_2022.xlsx”.

5.5. Procedemento de devolución de facturas.

O informe do Servizo de Novas Tecnoloxías describe a tramitación da devolución da factura de acordo co procedemento definido no xestor, deixando constancia do motivo de rexeitamento.

No ano 2022 procedeuse á devolución de 1.968 facturas, comunicándose o cambio de estado a FACE. Polo Servizo de NNTT se verifica o procedemento respecto de 5 facturas seleccionadas ao azar, sendo este correcto.

Advírtese da existencia de 34 facturas respecto das cales non se consigna, ou non se consigna validamente, o motivo de devolución (utilizando símbolos “-“, “.”).



SERIE NÚMERO	REGISTRYCODE	PROCEDU RECODE	FECHA EXPEDICIÓN FACTURA	FECHA PRESENTACIÓN FACTURA	DOSSIERS TATUSTYPECODE	INSERTADO_H	TASKOBSERVATIONS
FE22137013200919	WEB2022034812	2022041926	6/7/2022	6/9/2022 6:02 AM	FACANU		.
EMIT-2022-124	WEB2022034788	2022041902	6/8/2022	6/9/2022 6:00 AM	FACANU		
EMIT-2022-24	WEB2022007214	2022008239	2/17/2022	2/18/2022 6:00 AM	FACANU		
20216100434954	WEB2022012302	2022013381	12/31/2021	3/8/2022 6:02 AM	FACANU		-
20216100434944	WEB2022012299	2022013378	12/31/2021	3/8/2022 6:02 AM	FACANU		-
20216100434945	WEB2022012300	2022013379	12/31/2021	3/8/2022 6:02 AM	FACANU		-
20226100439959	WEB2022012303	2022013382	1/21/2022	3/8/2022 6:02 AM	FACANU		-
20216100434951	WEB2022012301	2022013380	12/31/2021	3/8/2022 6:02 AM	FACANU		-
KK695/22	WEB2022063665	2022074504	11/30/2022	12/16/2022 12:03 PM	FACANU		
223001066	WEB2022019294	2022021080	3/31/2022	4/4/2022 6:00 AM	FACANU		
210174830	WEB2022000797	2022001258	12/31/2021	1/11/2022 6:12 AM	FACANU		
210174807	WEB2022000798	2022001259	12/31/2021	1/11/2022 6:12 AM	FACANU		
210172642	WEB2022000782	2022001243	12/31/2021	1/11/2022 6:10 AM	FACANU		
20220002	WEB2022000780	2022001241	1/10/2022	1/11/2022 6:02 AM	FACANU		
EMIT-228	WEB2022000784	2022001245	1/10/2022	1/11/2022 6:11 AM	FACANU		
A22100365	WEB2022057804	2022067748	10/31/2022	11/10/2022 6:05 AM	FACANU		
A22090322	WEB2022052638	2022062367	9/30/2022	10/6/2022 6:04 AM	FACANU		
A22060406	WEB2022039456	2022047292	6/30/2022	7/11/2022 6:03 AM	FACANU		
PA4PA4/000000403	WEB2022000806	2022001267	1/7/2022	1/11/2022 6:13 AM	FACANU		
2022/27990374	WEB2022052983	2022062716	10/7/2022	10/7/2022 2:19 PM	FACANU		
202201	WEB2022030577	2022036272	4/30/2022	5/17/2022 6:03 AM	FACANU		.
5032148000	WEB2022039441	2022047277	7/8/2022	7/11/2022 6:02 AM	FACANU		
22169	WEB2022038731	2022046547	6/30/2022	7/6/2022 6:02 AM	FACANU		.
001000795	WEB2022000803	2022001264	12/31/2021	1/11/2022 6:12 AM	FACANU		
FACT15/2022	WEB2022047484	2022057069	8/31/2022	9/2/2022 6:03 AM	FACANU		
E262022	WEB2022053917	2022063756	10/14/2022	10/17/2022 6:07 AM	FACANU		-
FV22051031	WEB2022052601	2022062330	9/30/2022	10/6/2022 6:01 AM	FACANU		.
FV22051030	WEB2022052602	2022062331	9/30/2022	10/6/2022 6:01 AM	FACANU		.
10002449	WEB2022039972	2022047791	7/13/2022	7/13/2022 3:47 PM	FACANU		.
EMIT-22434	WEB2022038512	2022046269	7/4/2022	7/5/2022 9:12 AM	FACANU		
5032148100	WEB2022039428	2022047264	7/8/2022	7/11/2022 6:01 AM	FACANU		
5032147900	WEB2022039430	2022047266	7/8/2022	7/11/2022 6:01 AM	FACANU		
00011007	WEB2022054910	2022065042	10/23/2022	10/25/2022 6:01 AM	FACANU		.
FR.173.BIS	WEB2022031348	2022037216	4/29/2022	5/23/2022 6:02 AM	FACANU		.

Así mesmo, cada usuario rexistra o motivo da devolución con campo libre, o que supón que existen tantos “motivos” de devolución como facturas devoltas. Recoméndase a definición duns campos tipo de devolución, sen prexuízo dun maior detalle nun apartado de observacións



asociado ao campo tipo. Estes campos poden ser obxecto de revisión periódica, para comprobar a súa adecuación ou, no seu caso, necesidade de modificación, así como para verificar o correcto rexistro polos servizos.

5.6. Arquivo da factura electrónica.

O informe do Servizo de NNTT apunta que “existe un histórico de todas as facturas electrónicas dispoñibles no RCF. O acceso e a dispoñibilidade do rexistro carece de limitación temporal e non se prevé a transmisión da custodia dos expedientes”.

“Probas:

1. Selección aleatoria (función aleatorio sobre o total de listado).
 - a. Realízase unha comprobación por mostraxe aleatorio seleccionado ao azar un conxunto de facturas anotadas no RCF e realizando a comprobación de que se pode acceder e visualizar a factura orixinal. Compróbase que escollendo aleatoriamente cinco procedementos Factura é posible acceder sen problema á visualizar a factura orixinal (documento Xsig). Recóllense a continuación os exemplos de documentos co prefixo do número de expediente correspondente.

A ¹ Cód. expe...	Código do rexistro	Data de rexistro	Código do grupo	Nome do grupo	Estado	Asunto
2022005785	WEB2022004659	07/02/2022	TFORAL	Tramitador Fac...	TES Pago	ADQUISICIÓN TOGA DE LETRADO S. XURÍDICO DO ORAL-
2022038762			TFMOU	Tramitador Fac...	TES Pago	11/11688491- CROTALES PARA IDENTIFICACIÓN BOVINA
2022040889	2022014899	03/06/2022	TFIGUAL	Tramitador de ...	TES Pago	PONENCIA XORNADA "II ENCONTRO NACIONAL POLÍTICAS PÚBLICAS" ESCOLA Mª VINYALS 01/6/22
2022060561	2022022381	26/09/2022	TFIGUAL	Tramitador de ...	TES Pago	COORDINACIÓN PONENCIA XORNADA "EMPRENDEMENTO FEMININO E INNOVACIÓN, AXENDA 2030"
2022074012	2022027796	14/12/2022	TFIGUAL	Tramitador de ...	TES Pago	HONORARIOS PONENCIA XORNADA RELACIÓN ENTRE SEXO, XÉNERO E AS ENFERMIDADES ESCOLA M. VINYAL

Táboa 1 Facturas consultadas do RCF

Respecto ao tipo de permisos para intervir sobre o histórico, como sinala o informe do servizo de NNTT existe un módulo de consulta de facturas da plataforma de xestión de expedientes (CIVIDAS) que permite consultar todas as facturas do mesmo. O acceso a dito panel está restrinxido por permisos de acceso. Por outro lado, os servizos teñen acceso as facturas que se atopan no seu buzón de tramitación. Respecto das facturas xa tramitadas, ningún perfil usuario ten permiso para intervir no expediente con facultades restrinxidas á consulta.

5.7. Facturas retidas.

Segundo sinala o informe do Servizo de Novas Tecnoloxías, solicitada ao PXEF informe de auditoría, extráese do mesmo que non existen facturas do ano 2022 pendentes de ser descargadas no RCF desta Deputación¹, de xeito que todas se atopan coa descarga confirmada.

5.8. Volcado das facturas no RCF.

De acordo co sinalado no informe do Servizo de NNTT, o proceso de descarga se realiza todos os días da semana (de luns a venres) ás seis da mañá.

Consta no expediente o arquivo LibroFACE_Facturas_2022.xlsx que permite consultar a data e hora de rexistro das facturas no PXEF, así como as de descarga no RCF. O tempo medio descarga foi de 23,21 horas (14,98 horas excluindo as facturas descargadas o luns).

No análise individualizado obsérvase que un total de 10.115 facturas (81,34%) se descargaron nun tempo inferior a 24 horas, e 2.320 (18,66%) nun tempo superior. A maior parte das facturas que se descargaron en tempo superior a 24 horas, superaron ás 48 horas (2.017

¹ Se informa dunha factura pendente de descarga correspondente co Dir3 LA0006108 (Consortio Provincial).



facturas). Se trata de facturas rexistradas en FACE con carácter xeral o venres e descargadas maioritariamente o luns (96,50%).

5.9. Probas de validación.

De acordo co sinalado no informe do Servizo de NNTT, as validacións que se realizan no momento da descarga e rexistro no RCF son as validacións detalladas na Orde HAP/1650/2015 e non asumidas por FACE.

Sinala o informe que “a verificación do correcto funcionamento destas validacións xa se realizou na auditoría do ano 2019, e dado que no se produciu ningún cambio de normativa nin de modificación do código que implementa esta funcionalidade, podemos asegurar o seu correcto funcionamento”. Así mesmo apunta que as validacións que se realizan no momento da descarga e rexistro no RCF son as validacións da Orde HAP/1650/2015.

Si ben non se dubida desta cuestión e da súa verificación, considerando o disposto na guía do ministerio para as auditorías dos rexistros contables de facturas e o documento de planificación elaborado por esta Intervención, a xuízo desta informante deberían realizarse novamente as probas de verificación da correcta realización destas validacións para o exercicio obxecto da auditoría e segundo as probas propostas e referidas na guía ministerial.

En canto ao procedemento, este detállase no informe do servizo de NNTT, de xeito que dentro do primeiro trámite do expediente Factura (Revisión de Área Xestora), preséntase ao servizo destino o resumo dos resultados destas validacións, non permitindo validar a factura (marcala como Correcta) se non ten todas as validacións pasadas correctamente. O informe incorpora o detalle do numero de facturas que non pasaron as validacións:

DESCRIPCION	NÚMERO	Porcentaje	
		Porcentaje totales	Porcentaje anuladas
La fecha de anotación en el registro administrativo es mayor que la fecha actual o menor que la fecha de emisión de la factura.	0	0.00%	0.00%
Alguno de los importes a nivel de factura tiene más de dos decimales.	0	0.00%	0.00%
El NIF del emisor de la factura y el del cesionario coinciden.	0	0.00%	0.00%
El importe total bruto de la factura no es la suma de los importes brutos de las líneas.	18	0.14%	0.23%
El total importe bruto antes de impuestos no es igual al total importe bruto menos el total general de descuentos más el total general de cargos.	0	0.00%	0.00%
El importe total bruto antes de impuestos es positivo y el total de impuestos retenidos tiene contenido y es menor que cero.	0	0.00%	0.00%
El coste total de cada línea no es igual a producto del número de unidades por el precio unitario.	134	1.08%	6.81%
Alguno de los importes de las líneas tiene más de dos decimales.	0	0.00%	0.00%
El código de moneda no es válido	0	0.00%	0.00%



El importe bruto de cada línea debe ser la suma del coste total más la suma de recargos menos la suma de descuentos.	6	0.05%	0.31%
El total factura debe ser igual al total importe bruto ante de impuestos más el total impuestos repercutidos menos el total impuestos retenidos.	0	0.00%	0.00%

Sexta. Probas referidas á tramitación das facturas.

6.1. Verificación da correcta tramitación das solicitudes de anulación das facturas.

Segundo sinala o informe de NNTT, as 79 solicitudes de anulación presentadas foron correctamente descargadas, 63 foron anuladas e 16 non, constando como pagadas.

A maior parte das facturas con solicitude de anulación e que foron pagadas se corresponden con un motivo de anulación que non afectaría a esixibilidade da mesma (exemplo: numeración incorrecta, falta datos, asinante erróneo,...) si ben existen dúas que advirten de “duplicado” ou “erro na factura emitida – non procede”, que poderían corresponderse con situacións de dobre pagamento ou pago incorrecto, sen que conste no expediente dilixencia do servizo explicativo da incidencia da solicitude de anulación sobre a factura e sobre a necesidade ou non de reponer o pagamento.

Código F@cc	PROCEDURE-CODE	DOSSIERSTATUSTYPE-CODE	DESCRIP-TION	FECHA ANULADA	FECHA PAGADO	COMENTARIO
REGAGE22e00021734999	2022039925	PAG	TES Pago		7/1/2022 11:07 PM	ERROR EN NUMERO DE FACTURA EMITIDA
REGAGE22e00044051562	2022062513	PAG	TES Pago		10/26/2022 11:02 PM	FIRMA INCORRECTA
REGAGE22e00057686743	2022074330	PAG	TES Pago		1/4/2023 11:03 PM	FIRMANTE ERRÁNEO
REGAGE22e00057685827	2022074327	PAG	TES Pago		1/4/2023 11:04 PM	FIRMANTE ERRÁNEO
REGAGE22e00057685130	2022074324	PAG	TES Pago		1/4/2023 11:03 PM	FIRMANTE ERRÁNEO
REGAGE22e00045821353	2022063661	PAG	TES Pago		10/28/2022 11:03 PM	Por error en el número de la factura
REGAGE22e00057336103	2022073996	PAG	TES Pago		1/4/2023 11:10 PM	Faltan datos bancarios.
REGAGE22e00002846109	2022005376	PAG	TES Pago		2/23/2022 11:04 PM	Error en NA° de Albariñ
REGAGE22e00028176504	2022046262	PAG	TES Pago		8/1/2022 11:06 PM	DUPLICADA POR ERROR
REGAGE22e00050570422	2022067482	PAG	TES Pago		12/5/2022 11:00 PM	FACTURA ERRONEA
REGAGE22e00055230328	2022072360	PAG	TES Pago		12/21/2022 11:01 PM	Erro en nA°meraciA°n
REGAGE22e00016174545	2022032774	PAG	TES Pago		6/8/2022 11:00 PM	Error en firmante.
REGAGE22e00017112415	2022034122	PAG	TES Pago		6/2/2022 11:03 PM	Faltan documentos
REGAGE22e00037229655	2022056461	PAG	TES Pago		9/13/2022 11:00 PM	Solicito anulaciA°n por error por nuestra parte en el número de factura
REGAGE22e00032439715	2022050102	PAG	TES Pago		8/31/2022 11:05 PM	ERROR AL EMITIR LA FACTURA - NO PROCEDE.
REGAGE22e00000149408	2022000414	PAG	TES Pago		1/20/2022 11:00 PM	NA° de factura incorrecto

Recoméndase a implantación dun circuito de tramitación das solicitudes de anulación con finalización obrigada en “aceptación” ou “rexeitamento”. En ambos casos debe incorporarse ao expediente breve informe explicativo da aceptación ou rexeitamento. Así mesmo, recoméndase o seguimento mensual do estado de aceptación das solicitudes de anulación, co obxecto de evitar a existencia de solicitudes pendentes de tramitar e/ou resolver.



6.2. Verificación da tramitación da fase de recoñecemento da obriga de gasto.

De acordo co informe do servizo de NNTT, “para o estudo de este punto realízase a consulta 4.A.2, con que se explican os seguintes resultados:

1. Listado de facturas descargadas de F@CE pagadas. **10423**.
2. No listado ListadoFacturasDescargadasFACE_ConInformacionDataFase_O_2022.xlsx, pódese cotexar a seguinte información; Se descargan de F@ce un total de **12428** facturas (ter en conta que el listado saen repetidas as 7 facturas que por erros técnicos se descargaron dos veces), das cales na tramitación constan:
 - a. Como pagadas **10423**
 - b. Como anuladas **1968**
 - c. Tramitadas como certificacións **44**”

Respecto das 10.423 facturas que figuran como pagadas, consta a data da fase de recoñecemento da obriga.

6.3. Verificación do correcto rexistro dos estados internos.

Polo Servizo de NNTT compróbase o correcto rexistro dos estados internos. Os tempos medios de cambio de estado supoñen unha media de 25 días desde a data de rexistro no RCF ata pagamento.

Estado	Media días electrónicas	Media días Papel	Media
SER Pendente Rexistro	1.0281	1.213	1.0392
SER Rexistrada	3.9798	2.3665	3.8837
SER Conforme	4.2264	3.148	4.1567
INT Autorizado Ok	10.7285	11.1734	10.7572
TES Pago	24.8995	24.836	24.8954
SER Factura Anulada	7.0775	5.6117	7.0302

6.4. Comunicación do cambio de estado das facturas a FACE.

Respecto da actualización do cambio de estado no PXEFe, como sinala o informe de NNTT para verificar que o PXEFe actualiza correctamente os cambios de estados, solicitouse ao PXEFe o listado de “Histórico de estado das facturas”.

“Os datos proporcionados polo PXEFe crúzanse cos cambios de estado das facturas descargadas e obtemos o listado ListadoComunicacionCambioEstadoFACE_2022.xlsx, que indica que no se comunicaron correctamente 28 cambios de estado. Estes datos pódense ver no listado ListadoCambiosEstadosNOComunicadosAFace_2022.xlsx, dito listado permite ver que 11 (vermello) facturas se atopan cun estado desincronizado entre o RCF e o PXEFe.”

Os tempos medios de comunicación dos cambios de estado (excluíndo 101 facturas con tempos de comunicación superior a 500 segundos) sitúanse próximos (+/-) a 1 segundo, excepto a comunicación do cambio de estado correspondente co avance na tramitación polo servizo con tempo medio de 3,01 segundos.

Na medida do posible, recoméndase o establecemento de sistemas de seguimento/control periódicos (semanal, quincenal) que permitan comprobar o adecuado rexistro dos cambios de



estado. Nas auditorías anuais deberá verificarse que non existen facturas de FACE sen actualización do cambio de estado.

Así mesmo, existen documentos rexistrados en FACE como factura, con tramitación anulada en CIVIDAS (principalmente certificacións) e que, por conseguinte non comunican ningún estado (ListadoFACE_FacturasNoComunicadoEstadoFinal_2022). Esta situación solventaríase co adecuado rexistro deste tipo de documentos.

Coa periodicidade que se considere adecuada e, en todo caso, ao remate do ano, debe verificarse, como mínimo, que non existan facturas en estado final (pagadas ou anuladas) pendentes de comunicar o cambio de estado a FACE.

Respecto da denominación dos estados internos (aínda que sen repercusión e efectos prácticos) recoméndase o cambio dalgún deles co obxecto de que a nomenclatura resulte máis explícita e acorde co estado real de tramitación.

É o caso do estado interno correspondente co estado FACE “1300 – Rexistrada en RCF”, propónse a substitución de “SER Pendente de Rexistro” por “SER Pendente de tramitación servizo” ou similar. Respecto do estado FACE “2100 – Rexistrada en RCF. Recibida en destino”, propónse a substitución do estado interno “SER – Rexistrada” por “SER – tramitación Servizo” ou similar. Para o estado FACE “2400 – Contabilizada” propónse a substitución do estado “Autorización OK” por “Contabilizada a obriga de gasto” ou similar.

6.5. Probas relacionadas coas obrigas dos órganos competentes en materia de contabilidade e control.

- Emisión dos informes trimestrais de morosidade e PMP.

O artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, que establece medidas para combater o atraso no pagamento nas operacións comerciais, determinou a obrigatoriedade das Corporacións locais para elaborar e enviar, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda un informe sobre o cumprimento dos prazos legalmente establecidos para o pagamento das obrigas de cada entidade.

Os estados foron remitidos pola Intervención, previa obtención dos listados polo Servizo de Novas Tecnoloxías. Os formularios foron cumprimentados e remitidos en prazo.

Ejercicio:

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2022	Primer trimestre	30/04/2022	Firmado en plazo	 
2022	Segundo trimestre	01/08/2022	Firmado en plazo	 
2022	Tercer trimestre	09/11/2022	Firmado en plazo	 
2022	Cuarto trimestre	06/02/2023	Firmado en plazo	 

Fonte: Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais. Ministerio de Facenda e Función Pública.



O período medio de pago (PMP) definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na normativa de contratación pública aplicable, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Tal e como dispón o artigo 6.2 do referido Real Decreto, as Corporacións Locais deben remitir ao Ministerio de Facenda así como publicar de maneira periódica a información relativa ao seu período medio de pago a provedores, PMP, referido ao mes inmediato anterior.

O PMP 2022 foi calculado mensualmente e comunicado en prazo ao Ministerio pola Intervención Provincial, de acordo cos datos obtidos e facilitados polo Servizo de Novas Tecnoloxías. Os formularios mensuais foron remitidos en prazo, excepto o correspondente ao mes de maio.

Ejercicio:

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2022	Enero	28/02/2022	Firmado en plazo	  
2022	Febrero	31/03/2022	Firmado en plazo	  
2022	Marzo	30/04/2022	Firmado en plazo	  
2022	Abril	31/05/2022	Firmado en plazo	  
2022	Mayo	30/06/2022	Firmado fuera de plazo	  
2022	Junio	01/08/2022	Firmado en plazo	  
2022	Julio	31/08/2022	Firmado en plazo	  
2022	Agosto	30/09/2022	Firmado en plazo	  
2022	Septiembre	31/10/2022	Firmado en plazo	  
2022	Octubre	30/11/2022	Firmado en plazo	  
2022	Noviembre	31/12/2022	Firmado en plazo	  
2022	Diciembre	31/01/2023	Firmado en plazo	  

Fonte: Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais. Ministerio de Facenda e Función Pública.



6.6. Seguimento das facturas con máis de tres meses desde o rexistro e pendentes de recoñecemento (artigo 10 da Lei 25/2013).

Segundo o disposto no artigo 10 da Lei 25/2013:

“Los órganos o unidades administrativas que tengan atribuída la función de contabilidad en las Administraciones Públicas:

1. Efectuarán requerimientos periódicos de actuación respecto a las facturas pendientes de reconocimiento de obligación, que serán dirigidos a los órganos competentes.
2. Elaborarán un informe trimestral con la relación de las facturas con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde que fueron anotadas y no se haya efectuado el reconocimiento de la obligación por los órganos competentes. Este informe será remitido dentro de los quince días siguientes a cada trimestre natural del año al órgano de control interno”.

En canto a elaboración dun informe trimestral coa relación das facturas con respecto a cales transcorreran máis de tres meses desde que foron anotadas e pendentes de recoñecemento da obriga de gasto (artigo 10.2 da Lei 25/2013), cómpre sinalar que con carácter trimestral e xunto co informe de facturas pagadas e pendentes de pago, no exercicio 2022 inclúise o informe de facturas pendentes de recoñecemento respecto das cales transcorrera máis de tres meses desde a data de rexistro.

Grazas aos traballo de seguimento do estado de tramitación das facturas realizado pola Técnica de Orzamentos desta Intervención, desde o ano 2021 reduciuse notablemente o número de facturas pendentes de recoñecemento para as cales transcorrera máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro.

Ano	2022		2021		2020	
	Nº facturas	Importe	Nº facturas	Importe	Nº facturas	Importe
Primeiro	13	274.001,65	6	95.852,51	16	454.902,04
Segundo	0	0,00	3	37.674,83	13	804.576,68
Terceiro	1	247,50	0	0,00	24	675.754,66
Cuarto	0	0,00	12	190.964,35	31	736.532,24

Observacións:

- No que atinxe ao procedemento de obtención destes listados, como sinalouse no anterior informe de auditoría, o rexistro de facturas está implementado en CIVIDAS sen interacción ou interrelación co programa contable, de xeito que os listados e a información correspondente aos informes de morosidade e PMP é obtida a través de CIVIDAS, previa consulta realizada polos Servizo de Novas Tecnoloxías.

Tratándose de funcións propias da Intervención e/ou Tesoureira de carácter ordinario deben habilitarse os mecanismos correspondentes para obtención destes datos directamente pola Intervención e preferentemente, por ser esta a opción legal, do programa contable. Recoméndase revisar este procedemento na fase de implementación do novo programa contable.

- Así mesmo, e como xa advertiuse noutros apartados deste informe recoméndase a revisión do circuíto de tramitación de certificacións e facturas asociadas ás mesmas.

Sétima. Probas de revisión da seguridade.



O documento de planificación da auditoría do rexistro contable de facturas prevé a realización dunha serie de probas:

1. Verificación de que o sistema consta de medidas de redundancia e que se publica a dispoñibilidade horaria do sistema na sede electrónica correspondente.
 - Detalle das medidas de redundancia e acreditación da publicación na sede da dispoñibilidade do sistema.
2. Verificación do cumprimento das medidas de seguridade para protección de datos de carácter persoal.
 - Detalle das medidas de seguridade.
 - Detalle das probas propostas e do resultado.
 - Grado de cumprimento.
3. Que se cumpre coa política de seguridade do organismo que teña atribuída a función de contabilidade, e que a acreditación de usuarios cumpre cos seus procedementos establecidos, tendo acceso en cada caso só ás facturas que teñan necesidade de coñecer.
 - Permisos aplicados (definición dos diferentes tipos de permiso e das facultades de acceso, consulta e/ou modificación de datos correspondente a cada un destes perfís.
 - Identificación das persoas que xestiona os permisos.
 - Trámites que se seguen para a solicitude e modificación dos permisos.
 - Identificación dos usuarios (posto e servizo) con acceso as facturas e tipo de permiso (facultades).
4. Que os sistemas de xestión do RCF axústense ao establecido no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.
 - Determinación do nivel de seguridade correspondente ao sistema.
 - Informe detallado do grado de cumprimento.

Estas probas non se realizaron sinalándose no Informe do servizo de NNTT que está pendente a “categorización do sistema de información, de acordo co proposto no Anexo I do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), a partir do cal determinarase a necesidade de realización dunha auditoría externa ou unha auto avaliación”.

Non en tanto cómpre destacar a inclusión da Deputación de Pontevedra nos traballos de fiscalización dos Controis Básicos de Ciberseguridade (CBCS) a desenvolver polo Consello de Contas de Galicia, co obxectivo xeral de avaliar o deseño e a eficacia operativa dos controis básicos en materia de ciberseguridade.

O anteproxecto de informe de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade emitido polo órgano de control externo, advirte de importantes carencias no cumprimento do ENS:

“SITUACIÓN DO CONTROL RESPECTO DO CUMPRIMENTO DO ENS

Detectáronse as seguintes carencias que se deben emendar orientadas a dar cumprimento ao esixido polo Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (na actualidade, está vixente o RD 311/2022):

- Non se aprobou a política de seguridade da información, polo que, obviamente, non foi firmada e aceptada por todos os usuarios da Deputación.
- Non se formalizou a creación do comité de seguridade.
- Non se formalizou a asignación de roles e responsabilidades asociadas co ENS.



- Non se implantou a totalidade das medidas de seguridade que require o ENS.
- Non foron desenvolvidos os procedementos operativos de seguridade relacionados co ENS.
- Non se certificou o cumprimento do ENS.”

Polo que resulta prioritario a adopción das medidas que correspondan para garantir o cumprimento do ENS, de obrigada observancia para todas as entidades públicas.

RESULTADOS DA AUDITORÍA, RECOMENDACIÓNS E TRAMITACIÓN.

- Resultados da auditoría.

Como resultado da auditoría realizada, e no mesmo sentido dos informes de auditoría do rexistro de facturas de anos anteriores, advírtese da falta de disposición dun rexistro de facturas integrado ou interrelacionado coa contabilidade. O rexistro de facturas desenvolveuse no xestor de expedientes sen integrarse ou interrelacionarse co programa contable.

Deste xeito os datos do rexistro non resultan accesibles desde a contabilidade e moitas das consultas e obtención de información ou listados para elaboración dos informes de seguimento non poder ser obtidos directamente pola Intervención, precisando da asistencia e remisión dos listados polo Servicio de Novas Tecnoloxías.

No que atinxe ás probas practicadas, concluímos o seguinte:

1. Sobre o cumprimento do artigo 4 da Lei 25/2013 e a aplicación dos criterios desenvolvidos na circular 1/2015, de 19 de xaneiro, da IGAE, sobre obrigatoriedade da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, e Bases de Execución do Orzamento Provincial 2022, a tenor das probas practicadas, referidas no punto 4.1 púidose comprobar que o número de incumprimentos desta normativa de obrigatoriedade de facturación electrónica foi moi reducido.
2. Respecto das facturas en soporte papel, cómpre referir que a supresión - na regulación en bases de execución desde o ano 2020 - da exención da obriga de facturación electrónica por razón da contía, permitiu reducir de xeito destacado a facturación nese soporte. Advírtese da existencia de facturas que incumpren a obriga de facturación electrónica, si ben en número moi reducido, así como de supostos de incumprimento parcial respecto da información requirida no artigo 5.3. da Orde HAP/492/2014 (campo DIR3).
3. No que atinxe ás facturas do programa PONTEGAL, presentadas de xeito directo a través da sede, advírtese da existencia de erros na cumprimentación dos campos, así como da presentación de facturas por suxeitos obrigados a facturar electrónicamente.
4. Como advertiuse na auditoría do rexistro de facturas de anos anteriores, novamente atopamos facturas correspondentes con entidades adscritas e dependentes (Consortio Provincial e Escola de Enfermería) que non dispoñen do seu rexistro contable, con entrada no RCF da Deputación.
5. Sobre a emisión dos informes dos artigos 10 da Lei 25/2013, púidose comprobar que se cumpre coa emisión dos citados informes.
6. En canto ao cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), o anteproxecto de informe de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade da Deputación de Pontevedra suscrito polo Consello de Contas de Galicia, sinala a existencia de importantes carencias.

Recomendacións:



- Como resultado da auditoría realizada e sen prexuízo de melloras e adaptacións no rexistro de facturas, a recomendación principal directamente correspondente coa salvidade referida no apartado anterior é a implementación dun rexistro de facturas “integrado” ou “interrelacionado” coa contabilidade (artigo 8 da lei 25/2013).
- Todas as facturas deben tramitarse polo RCF e deben excluírse documentos como liquidacións tributarias e certificacións por non ter natureza de factura. Isto sen prexuízo da necesidade dun tratamento diferenciado para as certificacións a efectos de enlace coa factura para cálculo do PMP e informe de morosidade e implementación de circuitos diferenciados para facturas que non conleven pagos (ACF e pagos a xustificar).
- Deben adoptarse as medidas que permitan a obtención dos datos referidos á morosidade e PMP directamente pola Intervención.
- Recoméndase que os cambios referidos nos catro apartados anteriores se aborden coa implementación do cambio do sistema de xestión contable.
- Deben establecerse mecanismos de devolución das facturas rexistradas e correspondentes a entidades adscritas e dependentes, así como habilitar os RCF independentes para ditas entidades.
- Recoméndase a implantación de controis periódicos, por exemplo mensuais, para detectar as facturas pendentes de descarga, a correcta comunicación a FACE dos cambios de estado e solventar este tipo de incidencias en períodos breves.
- No que atinxe ás facturas presentadas a través da sede (programa PONTEGAL ou similares) recoméndase:
 - o O establecemento de controis e de ser posibles, filtros automáticos, que impidan a continuidade na tramitación para facturas sen número, numeración inválida ou facturas con número coincidente expedidas por un mesmo provedor. Respecto ao campo serie, recoméndase que se habiliten filtros que amosen esta campo a solicitude do provedor (co obxecto de evitar a cumprimentación deste campo en supostos innecesarios).
 - o O establecemento de controis para rexeitamento das facturas presentadas a través da sede por suxeitos obrigados a facturar electrónicamente, ou, no seu caso, estudar a posibilidade da exclusión, vía regulamentaria, da obrigatoriedade de facturación electrónica ás facturas vinculadas a este programa, expedidas por sociedades mercantís.
- Respecto da denominación dos estados internos (aínda que sen repercusión e efectos prácticos) recoméndase o cambio dalgún deles co obxecto de que a nomenclatura resulte máis explícita e acorde co estado real de tramitación.



- Recoméndase a implantación dun circuíto de tramitación das solicitudes de anulación con finalización obrigada en “aceptación” ou “rexeitamento”. En ambos casos debe incorporarse ao expediente un breve informe explicativo da aceptación ou rexeitamento. Así mesmo, recoméndase o seguimento mensual do estado de aceptación das solicitudes de anulación, co obxecto de evitar a existencia de solicitudes pendentes de tramitar e/ou resolver.
- Para os supostos de devolución de facturas polos servizos, recoméndase a definición duns campos tipo de devolución, sen prexuízo dun maior detalle nun apartado de observacións asociado a estes campos tipo. Estes campos poden ser obxecto de revisión periódica, para comprobar a súa adecuación ou, no seu caso, necesidade de modificación, así como para verificar o correcto rexistro polos servizos.
- As probas de verificación da correcta realización das validacións, segundo recolle a Guía do Ministerio, deben incluírse e realizarse nas auditorías dos vindeiros exercicios.
- No que atinxe á redución dos prazos de tramitación e pago das facturas, destaca o bo resultado do seguimento da facturación pendente desenvolvido pola Técnica de xestión orzamentaria, de implantación a mediados do ano 2021, recomendándose a continuidades nestas labores de seguimento.
- De acordo coas conclusións e recomendacións recollidas no anteproxecto de informe de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade da Deputación de Pontevedra suscrito Consello de Contas de Galicia, deben adoptarse as medidas correspondentes para cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade (ENS). A estes efectos recoméndase que esta actuación se configure como obxectivo prioritario a nivel global de toda a organización, proponéndose a súa inclusión no Plan de acción provincial, co obxecto de acadar o cumprimento desta normativa así como a mellora do grao de ciberseguridade actual.

Tramitación.

Si ben os informes de auditoría están suxeitos ao principio contradictorio, en atención ao procedemento de realización das probas polo servizo de Novas Tecnoloxías, cuxos resultados reflectisen no presente Informe, e a realización da auditoría polo Intervención, en canto órgano legalmente responsable do funcionamento do rexistro, non se estima necesario o trámite de alegacións, procedéndose á emisión de informe definitivo.

Deste informe definitivo darase traslado ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención de data 5 de febreiro de 2024 relativo á auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2022.



De conformidade co disposto no artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas do Sector Público o Pleno queda enterado do contido do informe anual da Intervención de data 5 de febreiro de 2024 relativo á auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2022.

18.8149.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sr. Presidente.- Punto número 18. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente no mes de xaneiro de 2024.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL correspondentes ó mes de xaneiro de 2024.

19.8150.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E pasamos ó punto número 19, último da orde do día, que son Rogos e Preguntas. E ten a palabra Dona María Ortega.

Sra. Ortega Iñarrea.- Moitas grazas. Esta pregunta vai dirixida a vostede Presidente. O Grupo Provincial do BNG queríamos saber se ademais da referencia que vostede mesmo fixo ó inicio desta sesión plenaria sobre Rosalía de Castro, referente cultural fundamental para Galiza como país ...

Sr. Presidente.- Pregunta directa.

Sra. Ortega Iñarrea.- Si, si, ... da súa lingua, construtora da identidade, figura importante dentro do feminismo e comprometida ...

Sr. Presidente.- Pregunta por favor.

Sra. Ortega Iñarrea.- ... coas forzas sociais da nosa terra, e cuxo nacemento se celebrou, como vostede dixo ...



Sr. Presidente.- A ver, as preguntas, eu creo que xa o falamos máis veces, e apelando a antes do ano 23, é pregunta, sen introdución, ¿vale?, pídlle por favor que volva a, ten a palabra.

Sra. Ortega Iñarrea.- ¿Ten a Deputación de Pontevedra programado algún acto institucional na súa honra ou algunha programación específica para poñer en valor a súa figura?

Sr. Presidente.- Grazas. ¿Máis preguntas? ¿Non? Vale, pois non habendo máis asuntos agradecer a vosa presenza e quedamos emprazados para o seguinte Pleno. Moitas grazas e bo día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as doce horas e cincuenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

